

Lingua e Ecoloxía
VIII Xornadas sobre Lingua e Usos

Edición a cargo de Goretti Sanmartín Rei

A Coruña 2012

Servizo de Normalización Lingüística
Servizo de Publicacións

Universidade da Coruña

Lingua e Ecoloxía. VIII Xornadas sobre Lingua e Usos
Edición a cargo de Goretti Sanmartín Rei
A Coruña, 2012
Universidade da Coruña
Servizo de Normalización Lingüística, Servizo de Publicacións
Entidades colaboradoras: Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta
de Galicia e Deputación da Coruña
Cursos_Congresos_Simposios, núm. 129

196 páxinas
17 x 24 cm.
Índice: páxinas 5-6

ISBN: 978-84-9749-519-6
Depósito legal: C 1478 - 2012

Materia: 80: Lingüística, Filoloxía. 806.99: Lingua galega

Edición:

Goretti Sanmartín Rei

Servizo de Normalización Lingüística, Servizo de Publicacións
<http://www.udc.es/snl>
<http://www.udc.es/publicaciones>

© Universidade da Coruña

Distribución:

Galicia: CONSORCIO EDITORIAL GALEGO. Estrada da Estación 70-A,
36818 A Portela, Redondela (Pontevedra). Tel. 986 405 051.
Fax: 986 404 935. Correo electrónico: pedimentos@coegal.com

España: BREOGÁN. C/ Lanuza 11, 28022 Madrid. Tel. 917 259 072.
Fax: 917 130 631. Correo electrónico: webmaster@breogan.org
<http://www.breogan.org>

Deseño da cuberta: Javier Gutiérrez Rodríguez

Imprime: Lugami Artes Gráficas



Este volume está ao teu dispor baixo os termos dunha licenza Creative Commons de recoñecemento, non-comercial, sen obras derivadas 3.0 sen adaptar.

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/deed.pt>

Índice

Limiar	7
Presentación da directora do Servizo de Normalización Lingüística	11
Presentación do presidente da Real Academia Galega	15
Presentación do secretario xeral de Política Lingüística	17
Presentación do reitor	21
Tove Skutnabb-Kangas Resultados do crecemento e da homoxeneización lingüística no ensino. Quen posúe os coñecementos máis válidos?	23
María López Sánchez Memoria, ecoloxía e identidade na Galiza	51
Teresa Moure Do activismo ecolóxico ao activismo lingüístico	65
Ana Isabel Andrade e Susana Sá Educación para o desenvolvemento sustentábel e diversidade lingüística: que posibilidades?	87
Isabel Vilalba Ecofeminismo: unha nova ollada á realidade rural desde o imaxinario literario galego	113
M. Carme Junyent Para sermos lingüísticamente sustentábeis	129
Emilio Lois Blanco Os enredos musicais	141

Mabel Rivera (Fundación Galicia Verde)	
Normalizar e(é) construír	149
Manuel Gago	
Novas estratexias para a recuperación do patrimonio cultural en sociedades complexas: o caso galego	163
Anxo Moure	
E se as árbores falasen?	175
Robert Phillipson	
Creando un balance entre o inglés e as linguas locais	179

Limiar

O volume que tes nas mans é o resultado dos relatorios e dos obradoiros que se desenvolveron o 30 de novembro e o 1 de decembro de 2011 no Paraninfo da Reitoría da Universidade da Coruña dentro das VIII Xornadas sobre Lingua e Usos que, nesta ocasión, responderon ao subtítulo de Lingua e Ecoloxía. As xornadas foron organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística desta universidade coa colaboración da Real Academia Galega e o financiamento da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Para as persoas que asististes á totalidade das sesións, tan relevante foi a presenza de todas as persoas convidadas nesta edición, coa asistencia de especialistas en temas de plurilingüismo e de estudo sobre as linguas ameazadas no planeta e as súas consecuencias sobre as identidades e a diversidade lingüística como a magnífica tradución simultánea do inglés ao galego que ofreceu Robert Neal Baxter, de cuxo intenso labor queremos deixar constancia tamén por escrito nestas páxinas. Igualmente fundamental para ofrecermos a versión en galego nestas actas das intervencións de Robert Phillipson e de Tove Skutnabb-Kangas foi o traballo de Mabel Cambeiro, que traduciu os textos e os materiais que nos achegaron estas dúas persoas cun amplo historial de investigación a prol das linguas dominadas. Procuramos sintetizar a ampla exposición da profesora Skutnabb-Kangas, que pretendía abranxer os moitos e complexos ámbitos de intervención sobre as políticas lingüísticas respectuosas coa diversidade e a xustificación en que pode basearse o seu desenvolvemento. Para as persoas que quixeren consultar a súa intervención íntegra, as gravacións están dispoñíbeis no enderezo electrónico http://www.udc.es/snl/oitavas_xornadas_lingua_usos.html. Conste, pois, a miña gratitude polo esforzo realizado tanto por Robert Neal Baxter e por Mabel Cambeiro como por Mónica Vázquez Laíño e Cathia Capelán Díaz, que axudaron na organización tanto nos días previos á realización das xornadas como,

fundamentalmente, o 30 de novembro e o 1 de decembro. Por outra parte, este servizo conta sempre co apoio das tres persoas que conforman o seu equipo técnico, Xesús Mosquera Carregal, Sara Pino Ramos e Marisol Ríos Noia, a quen desexo igualmente parabenizar por chegarmos a un número de edicións que significa a consolidación desta e doutras actividades de dinamización lingüística que botamos a andar na Universidade da Coruña a partir do ano 2004. Neste apartado de agradecementos, cómpre tamén mencionar o estupendo labor desenvolvido por Paulo M. Lema que participou tamén na organización destas xornadas para logo se incorporar a unha praza de lector na Universidade de Deusto.

Canto ás achegas que ides podes ler e consultar, para alén da tradución dos relatorios de Tove Skutnabb-Kangas e de Robert Phillipson do inglés, ofrecemos igualmente a versión ao galego do de Carme Junyent, un texto de total actualidade nuns momentos en que continuamos a padecer os efectos dunha intencionada redución do plurilingüismo que quer se identifica co coñecemento e o uso do inglés quer se restrinxen unicamente a unhas poucas linguas asociadas co poder e o prestixio. A súa magnífica exposición oral sobre o Decálogo para a Sustentabilidade Lingüística deixounos un abano de argumentación con que afrontar situacións que parecen conducir irremediabelmente á perda da riqueza lingüística con que convivimos mesmo sen nos decatarmos.

O texto que presentou na Coruña Ana Isabel de Andrade, profesora da Universidade de Aveiro, decidimos deixalo nese mesmo portugués en que con tanta clarezza e entusiasmo se dirixiu a nós para nos presentar unha experiencia de construción educativa para a intercomprensión das linguas románicas no ensino primario, un aspecto en que conflúen moi diferentes lingüísticas e persoal investigador mais que non ten repercusión inmediata directa nas directrices políticas que se producen no Estado español, moi afastadas do verdadeiro coñecemento científico nesta materia.

Un complemento perfecto aos relatorios até agora sinalados é o defendido pola profesora da Universidade de Santiago de Compostela, Teresa Moure, sobre a necesidade de percorrermos os camiños entre o activismo lingüístico e o ecolóxico tecendo redes entre eles. O texto ofrécenos numerosos exemplos didácticos e pretende que a comunidade universitaria reflexione sobre o significado profundo da intervención e da planificación lingüística.

O relatorio de María López Sánchez sitúanos na modernidade de nos construírmos na paisaxe e nas potencialidades identitarias que posúe o territorio. O texto desta investigadora da Universidade de Santiago de Compostela ofrece exemplificacións de au-

tores e autoras clásicas da nosa literatura, nunha liña reivindicadora da construción a través da nosa ollada particular da paisaxe, na defensa das cosmovisións que se agochan detrás das linguas e dos espazos.

O taballo da profesora López Sánchez partilla temas e ligazóns coa contribución de Isabel Vilalba, centrada na análise dun imaxinario literario galego que chega á contemporaneidade para nos situar no concepto do Ecofeminismo.

A reivindicación do patrimonio cultural desde a perspectiva de o pór en valor como útil e totalmente incardinado na vida cotiá, fuxindo da súa musealización está magnificamente defendida na proposta que recolle o labor feito nas últimas décadas por Manuel Gago.

Por outra parte, a defensa dunha produción sustentábel desde a Ecoagricultura e a aposta pola soberanía alimentaria situou perfectamente a idea de ser a compra un verdadeiro acto político que pode transformar o mundo. Este traballo, en que coinciden diferentes asociacións, foi trasladado nestas xornadas, en representación da Fundación Galicia Verde, por Mabel Rivera coa colaboración de Enrique Banet que tamén nos acompañou.

A conferencia de clausura correu a cargo do profesor Robert Phillipson, que nos alerta, desde a súa posición privilexiada, dos perigos de nos diluírmos nunha única lingua de cultura e de prestixio, algo que atinxe tamén ao mundo universitario. Cómpre lembrarmos aquí algunhas das súas palabras, onde denuncia que se establezan unidades educativas (tamén universitarias) anglófonas por todo o mundo, unha nova maneira de a globalización impactar na educación. Desta maneira, a educación (tamén a superior) estase a converter nunha oportunidade de negocio en vez de ser de dominio público, ademais dun dereito de educación gratuita para todo o mundo. Recoñeceremos este feito debería significar estarmos alerta sobre os procesos de integración e de homoxeneización cultural que padecemos, como ben sinala Phillipson neste mesmo volume:

Os comunicados das reunións bianuais dos ministros de Educación Superior e Investigación nunca se refiren á política lingüística. Nunca se fai referencia a que os intercambios poidan servir para que os alumnos consigan unha boa competencia en dúas linguas que é algo ao que podían aspirar estes intercambios, porén nunca se tratou esta cuestión. Isto significa explicitamente que a internacionalización se ve como a educación superior co inglés como lingua vehicular e ocorre así xa nos estudos de terceiro ciclo mais non sabemos se poderá no futuro filtrarse cara aos niveis inferiores.

A parte lúdica e sempre interesante estivo representada nesta edición polo obradoiro de músicas vexetais que desenvolveu Emilio Lois Blanco e pola sesión de contacontos que nos trouxo Anxo Moure, quen tamén nos agasallou non só coas xacias senón coa presenza dun neno Teixo de poucos meses de idade.

Coa intención de contribuírmos a que investigacións lingüísticas tan rigorosas e alternativas como as que aquí ofrecemos sexan divulgadas e xulgadas coa relevancia que merecen, editamos este volume. Para que algún día Teixo poida ler as súas páxinas no medio dunha fraga vizosa ateigada de árbores que a comunidade universitaria plantou simbolizando a súa intención de defender a diversidade lingüística e cultural tamén desde o espazo dos estudos superiores.

A Coruña, 12 de xuño de 2012

GORETTI SANMARTÍN REI

Servizo de Normalización Lingüística

Presentación

GORETTI SANMARTÍN REI

Directora do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña

Bo día, Ánxela, Xulián, Débora, David, Rosa, Ana, Iria, Miguel, Fani, María, Vanesa, Leticia, Fran, Dores, Nuria, Luz...,

Bo día, Alba, Simón, Sara, Aitor, Amaranda,

Bo día, Jaouad, bo día, Svetlana,...

Bo día, especialistas convidadas para nos ofrecerdes as vosas análises, as vosas pescudas e reflexións, bo día, Tove Skutnabb-Kangas, María López Sánchez, Robert Phillipson...,

Bo día, Mónica, Cathia, Marisol, Xesús, Alberto, Asorei, Luís, Luísa, ...

Bo día, Paulo, ...

Bo día, Neal, bo día, Mabel,...

Bo día, Nel, a pesar de non nos acompañares hoxe,

Bo día, Iván, que mesmo non puidesches matricularte nesta ocasión,

Bo día, señor reitor, señor presidente da RAG, señor secretario xeral da UDC, señor secretario xeral de Política Lingüística...

Permitídemme que comece así, dándolle un pouco a volta aos procedementos formais para deixar de manifesto que sodes vós, as persoas protagonistas destas xornadas, as que estivesdes asistindo ás xornadas sobre lingua e cidade, sobre lingua e investigación, sobre lingua e idade, sobre lingua e comunicación, sobre lingua e docencia universitaria, sobre lingua e xénero, sobre lingua e sanidade (aínda que aquí asististes menos), as que vos incorporades agora por vez primeira, as que formades parte da

intendencia na gravación, no atendimento, na tradución, no protocolo, as que quixestes vir mais non puídestes..., todas as que sentides a necesidade de vos esforzardes para coñecerdes un pouco máis sobre as linguas e os seus problemas e as que procurades compromisos coa xustiza planetaria.

Estamos aquí para inaugurar as sesións das VIII Xornadas sobre Lingua e Usos, Lingua e Ecoloxía, oito anos que acompañaron a estada de Xosé M^a Barja á fronte da Reitoría da Universidade da Coruña. Quero agradecerlle publicamente o seu apoio á normalización lingüística e o seu interese polas actividades que se desenvolveron desde o servizo de que nestes momentos me encargo. Agardo que as políticas a prol do galego continúan a ser unha realidade na Universidade da Coruña e que se afonde aínda máis e mellor na tarefa pendente de incrementar o seu emprego na docencia e na investigación.

Tócame dar conta dos obxectivos destas xornadas ou, dito doutra maneira, das causas que motivaron a elección do tema:

A primeira cuestión que alentou a organización deste programa foi o feito de desenvolver felizmente un vello proxecto de análise de en que consiste o verdadeiro plurilingüismo, unha cuestión que quixemos abordar noutras ocasións (a profesora Skutnabb-Kangas pode dar conta deste feito) e que non prosperou por falta do financiamento necesario. Abordarmos o xeito en que desexamos estar no mundo, lingüisticamente falando, os seres humanos foi algo que sempre nos inquietou. Nun mundo absorbido pola globalización en que o dominio do inglés parece instalarse como un absoluto que nin sequera se pode criticar, parecíannos fundamentais escoitar o balance crítico desa loita desigual entre o inglés e as linguas locais que o profesor Phillipson nos vai poder presentar. Mais tamén nos parecía unha alternativa viábel a que defende, entre outras moitas persoas, a profesora Ana Isabel Andrade, baseada na intercomprensión das linguas románicas, na posibilidade de nos achegarmos a outros mundos moi próximos, veciños a quen lles damos as costas, como acontece con Portugal ou Cataluña. Como institución superior da educación, non podíamos ficar á marxe do que acontece nun sistema educativo que queren converter a un trilingüismo descompensado e xulgamos moi relevante achegármonos a unha análise crítica da educación como elemento homoxeneizador e eliminador das diverxencias lingüísticas e culturais, na liña do que leva denunciando tantos anos Tove Skutnabb-Kangas.

En segundo lugar, parecíanos fundamental para deitarmos unha ollada ecolóxica sobre as linguas abordar no contexto actual conceptos como sustentabilidade e decrecemento, opostos ao crecemento descontrolado e ao consumo impulsivo. Debullarmos o seu significado debería levarnos a apostar polo próximo (a comprar na tenda da beira da casa, a facer cestaría, a crear mercados de troco, a empregar o

galego) e a entender ben que do que se trata é de rendibilizar esforzos a partir do mellor que posuímos: os recursos humanos. Foi así como as tres universidades desenvolvemos a campaña *En galego tamén se fai ciencia*, que custou... uns 300 euros por uns envíos dun material de gravación, unha cantidade ridícula, porque foi feita coa vontade e o compromiso das tres institucións e a colaboración entusiasta dos servizos audiovisuais e de normalización das universidades (e a axuda dalgún membro da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística). Por iso non entendemos as decisións que pretenden argumentar coa austeridade a supresión deses recursos humanos que nos facían máis felices. En tempos de crise o primeiro que caen son os labores vinculados a cuestións que se xulgan marxinais: a lingua, as políticas ambientais, a lectura, as políticas antidiscriminatorias... Eis o acontecido recentemente no Concello de Ames, coa supresión de postos de traballo vinculados á normalización lingüística, ao lecer, á ecoloxía. O aforro real debe estar noutros lugares.

Para sermos lingüisticamente sustentábeis será a proposta que abordará Carme Junyent, así como Teresa Moure nos conducirá nunha viaxe desde o activismo ecolóxico ao activismo lingüístico. Unha mesa redonda sobre activismo ecolóxico e recuperación cultural achegará tamén unha outra visión do día a día, das pequenas loitas cotiás. E para outro tipo de accións, máis gozosas e pracenteiras, tamén contamos cun obradoiro de músicas vexetais que, sen pretender realizar unha aula totalmente práctica nun foro como este, si servirá, cando menos, para espertar o noso interese e quizais facer abrollar unha nova afección.

En terceiro lugar, queríamos recuperar a idea de territorio, de identidade como parte de nós e non como simple paisaxe. A obra de María López Sánchez, toda a súa obra e non unicamente o seu libro máis coñecido *Paisaxe e nación. A creación discursiva do territorio* dará boa conta deste feito, así como a abordaxe de Isabel Vilalba, coñecida activista do Sindicato Labrego Galego que percorrerá o noso imaxinario literario desde a natureza.

Trátase, en definitiva, máis unha vez, de procurarmos a ligazón entre todas as causas, na liña da nosa mellor tradición sociolingüística, actualizada e repensada para un hoxe complexo e ategado de ameazas para as linguas dominadas, para os pobos explotados.

Só me resta indicar unha cuestión metodolóxica que sempre provoca moito debate posterior. Son moitas as actividades, pouco o tempo e non moi acaído o espazo para unha interacción abondosa e fluída. O Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña creou outro espazo de diálogo moito maior, o Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística realizado en colaboración coa Coordinadora de Traballador@s pola Normalización da Lingua. Mais aquí, para alén das preguntas e

dúbdas puntuais que puideren ser resoltas no momento, existen pausas, momentos para o café, noites para a polémica e haberá posteriormente non só un libro de actas onde fique constancia do aquí falado, senón que colgaremos as intervencións na nosa páxina para que nos cheguen os vosos comentarios e as vosas achegas.

Que sexades felices..., e ecolóxicas..., e que apoiades, por razóns éticas e de xustiza, as linguas minorizadas e o galego, porque sen ningunha dúbida só de nós depende que continúe a súa viaxe....

Presentación

XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN

Presidente da Real Academia Galega

Reitor Magnífico, autoridades aquí presentes, alumnos e participantes, docentes e discentes destas xornadas que se prometen magníficas, en primeiro lugar quixera felicitar a Goretti Sanmartín e a todos os que con ela veñen colaborando un ano tras outro (e xa son varios) nestas xornadas de lingua e usos. *Lingua e usos*, dúas palabras que, ligadas unha coa outra, nos levan ao máis profundo do que é a linguaxe humana.

Vexamos: a linguaxe humana úsase; como se usa, gástase; e como se gasta, transfórmase. As palabras nunca permanecen iguais do mesmo xeito que os conceptos, fóra dalgúns que son inmutables (a lei da gravidade é absolutamente indiscutible, non pode ter máis que un uso, un concepto e unha fórmula). Esas –as verdades físicas– son, como digo, inmutables, mais as verdades sociais están sempre suxeitas a transformacións e, por tanto, as súas palabras e o usos que se fan destas non son permanentes.

É o caso de, por exemplo, *ecoloxía*; son o suficientemente vello como para ter vivido a historia do seu concepto. Cando era novo consistía na ciencia ou no estudo dos espazos en que unha especie vive, loita pola existencia, evolúe ou se extingue. Era, en definitiva, a visión científica da natureza desde o espazo. Hoxe é unha palabra de uso universal, mais inicialmente foi un neoloxismo non moi coñecido que pouco despois foi completado coa palabra *hábitat*. Máis tarde *ecoloxía* converteuse nunha ideoloxía ou, mellor aínda, nun conxunto de ideoloxías, algunhas delas perfectamente aberrantes que pretendían eliminar a historia e a loita de clases como motor da historia, ou que vían os animais como suxeitos dotados de dereitos humanos; outras, porén, contribuíron ao perfeccionamento moral e político de todos e todas nós, posto que nos fixeron ver con ollos renovados a necesidade de protección da natureza, de non esgotar os seus

recursos e de lles dar aos nosos fillos e netos un planeta non máis empobrecido e si máis rico. O concepto de *biodiversidade* deriva disto mesmo, é dicir, a biodiversidade como un ben.

Posteriormente, a ecoloxía evolucionou máis aínda para, de estar relacionada unicamente coas ciencias naturais, irromper tamén nas ciencias do home. Mostra da súa forza son as propias palabras de Goretti na súa presentación: a ecoloxía relacionada coa lingua, coa cultura, coas culturas minorizadas que non poden permitirse desaparecer nin seren agredidas ou deglutidas por outras culturas «superiores». É certo que as matemáticas son universais, mais a cultura humanística é diversa como diversas son as linguas e todas teñen os mesmos dereitos, as mesmas capacidades para expresaren os conceptos máis abstractos, e todas elas son iguais en dereitos como todos os homes e mulleres tamén o son. Non pode haber privilexios nin explotación dun ser humano sobre outro ser humano e, xa que logo, unha lingua non pode depender doutra nin estar asoballada por outra como está neste caso a nosa, a lingua galega.

Por tanto, promete moito e moi bo este xuntoiro. Os meus ánimos a todos e todas para participaren e debateren; confeso que lles teño moita envexa pois tamén a min me gustaría estar no grupo e formar parte dos debates que, sospeito, han resultar moi enriquecedores.

Moitas grazas.

Presentación

ANXO LORENZO SUÁREZ

Secretario xeral de Política Lingüística

Bo día a todas e todos, señor reitor da Universidade da Coruña, señor presidente da Real Academia Galega, señor secretario xeral da UDC, señora directora do Servizo de Normalización Lingüística, señor xefe territorial de Educación da provincia da Coruña. En primeiro lugar quero agradecerlle á Universidade da Coruña, a través do seu servizo lingüístico, a posibilidade de estar unha vez máis na apertura destas xornadas sobre lingua e usos. Son, efectivamente, as oitavas xornadas e, por tanto, nestes casos cómpre dicir o mesmo, e máis aínda nos tempos que corren, xa que é moi importante darlle continuidade a este tipo de iniciativas polo que estarmos na inauguración dunha oitava edición é en por si un motivo de ledecia e satisfacción. Máis aínda se se trata dun foro de reflexión sobre a lingua, a situación sociolingüística, as políticas lingüísticas... en fin, sobre cuestións que teñen que ver moi directamente sobre a xestión das linguas, neste caso en Galicia, aínda que sexa desde unha ollada máis ou menos global.

Ao longo de todos estes anos, como comentaba moi ben a directora do Servizo, fóronse tratando diferentes temas, na maior parte dos casos directamente vinculados coa situación sociolingüística do galego, noutros vinculados con aspectos da política lingüística universitaria ou da xestión lingüística universitaria. Desta volta, porén, o tema é un pouco diferente, máis transversal, máis global se se quere, como é a concepción das linguas desde unha perspectiva ecolóxica. Coido que hai moitos motivos para defender a diversidade lingüística, un deles é efectivamente son as razóns ecolóxicas que apuntaba Goretti na súa intervención. É un tema que pode ser tratado desde diferentes perspectivas e coido, á vista do elenco de relatores e de subtemas escollido, que ha resultar bastante interesante.

Sobre esta cuestión penso que no mundo hai, en xeral, unha perspectiva positiva cara ao mantemento da diversidade lingüística. Certo que hai tamén unha perspectiva, non menor canto a persoas, grupos e sectores que a defenden, de deixar facer. É dicir, a diversidade lingüística existe desde o inicio da humanidade, mais deberían ser os propios falantes, os estados... –agora seguramente introduciríamos tamén o factor mercado–, os que decidan o seu futuro ou configuración e, por tanto, son partidarios de non actuar moito, senón que sexan as propias dinámicas sociais, políticas, económicas... as que decidan se debe haber máis de 7000 linguas no mundo como hai agora, ou se debe haber unhas cantas menos ou se, ao final, debe haber unhas cantas grandes linguas internacionais que sexan as dominantes a nivel planetario.

Efectivamente, esa perspectiva de *deixar facer* existe, mais penso que é minoritaria cando menos cuantitativamente –non sei se cualitativamente tamén–, pois é maioritario o número de persoas, de sectores e de grupos que defenden o mantemento da diversidade. Coido que nesta maioría que aposta por defendela, o problema, o debate ou as dificultades de acordo radican en concretarmos como debe regularse, isto é, en que debe consistir, en palabras de Goretti, o verdadeiro plurilingüismo ao que eu engadiría como organizalo. En definitiva é do que se trata: hai acordo en que a diversidade lingüística é algo polo que se debe loitar, daquela o que temos que concretar e chegar a consensos verbo de en que consiste o plurilingüismo e como organizalo a nivel político, a nivel social, a nivel económico, a nivel educativo etc. Desde logo, persoalmente vendo diferentes situacións de plurilingüismo no mundo, xa non só en Europa, e comparando coa situación de plurilingüismo en Galicia, non vexo demasiadas dificultades para que sexamos capaces de pórmonos de acordo sobre en que consiste organizar o plurilingüismo con dúas linguas oficiais, galego e castelán, e poucas linguas estranxeiras derivadas da escaseza de inmigración que, por sorte ou desgraza, temos en Galicia, o cal non provoca dificultades á hora de organizar as linguas derivadas súas.

Así pois, parabéns á organización polo tema escollido, ao elenco de relatores e relatoras –confeso que tamén me gustaría estar entre o público durante estas xornadas para falar dos temas que se van formular e comentar ao longo das diferentes intervencións–, mais, en todo caso, remato expresando un recoñecemento especial, en nome da Xunta de Galicia e no meu propio, ao reitor da universidade que hoxe nos acolle, José María Barja, que este ano remata a súa andaina. A partir de agora, vai ser ex-reitor o cal, como comentabamos antes, penso que ten aínda máis valor que ser reitor, pois seguramente vai poder ser ex-reitor levando o cargo con moita máis tranquilidade que en todos estes anos. Este recoñecemento responde ao traballo feito á fronte desta universidade e tamén á facilidade pola miña parte, nos anos que tiven

oportunidade de departir con el, que resultou negociar e chegar a acordos nos elementos de colaboración que tivemos durante estes anos coa Universidade da Coruña para a promoción da lingua galega. Parabéns, por tanto, reitor polos seus oito anos no nome da Xunta e no meu propio e que esa «ex-reitoría» que vai ter a partir de agora sexa moi frutífera.

Moitas grazas.

Presentación

JOSÉ MARÍA BARJA PÉREZ

Reitor da Universidade da Coruña

As persoas que estamos sentadas nesta mesa presidencial representamos a tres institucións interesadas na defensa e promoción do galego.

As xornadas sobre Lingua e Usos organizadas pola Universidade da Coruña, volven contar co apoio e o interese –que agradecemos publicamente– da Real Academia Galega e da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

O éxito e as achegas xurdidas das sete edicións anteriores poñen en evidencia o acerto na formulación e no formato final que se lle deu a estas xornadas. Non só se trata de reflexionar e debullar nos problemas da normalización lingüística, senón tamén de deixar contribucións de considerable valor científico. E iso é o que se veu facendo ao longo destes anos nas xornadas Lingua e Usos.

Nun libro que acaba de editar a Universidade (titulado *Ecolingüística: entre a ciencia e a ética*) Teresa Moure lembra que o problema máis importante das linguas do mundo é que a esperanza dun progreso económico afasta as xeracións máis novas das culturas tradicionais e, consecuentemente, da súa lingua.

Como di a propia Moure (que esta tarde participa nestas xornadas), en Galicia sabemos moito do que significa ese proceso de abandono da lingua propia e da adquisición doutra con máis falantes, máis prestixiosa e máis presente no mercado, outra lingua identificada, ademais, coa promoción social.

Desde as universidades galegas temos a obriga de contribuír a reverter esta situación, tanto co traballo científico específico na Lingüística e nas áreas conexas como co posicionamento institucional firme na defensa da nosa lingua.

A organización destas xornadas vai nesa liña e responde ao noso compromiso cultural co país, tal e como sentimos, queremos e recollemos no frontispicio dos nosos Estatutos.

Estou seguro de que os relatorios, obradoiros e debates programados para hoxe e mañá van responder, polo seu seu nivel e polo seu interese, ás expectativas de todas as persoas asistentes.

E antes de rematar, quixera facer público recoñecemento do traballo realizado pola directora do Servizo de Normalización Lingüística, Goretti Sanmartín, e polo seu equipo, para facer realidade o proxecto «Lingua e Usos» ao longo destes últimos anos.

Máis nada. Moitas grazas

Resultados do crecemento e da homoxeneización lingüística no ensino. Quen posúe os coñecementos máis válidos?

DRA. TOVE SKUTNABB-KANGAS, EMERITA

Roskilde University, Denmark. Åbo Akademi University, Finland.

www.Tove-Skutnabb-Kangas.org

skutnabbkangas@gmail.com

1. Introducción

O mundo estase enfrontando a varias crises ligadas entre si, onde moitos dos factores causais se recollen baixo o paraguas do crecemento e da homoxeneización. Anthony Giddens escribe, no seu libro *The consequences of Modernity* (1990), sobre os medios de risco e de ameaza. Situou as ameazas que xulgaba que xa non existían en 1990 nas nosas culturas modernas baixo o lema culturas pre-modernas: «Ameazas e perigos emanan desde a natureza: prevalecen as enfermidades infecciosas, unha climatoloxía pouco fiable, inundacións e outros desastres naturais». Non obstante, a discriminación por crecemento e a homoxeneización, en gran parte, volveron a traer de novo estas ameazas. A Nai Terra está a reaccionar ante esta explotación e o abuso insistente que sofre por parte da humanidade. A resposta que prevalece entre os que sustentan o poder tocante a crise continúa a ser «máis do mesmo»: máis crecemento, máis homoxeneización.

Estanse a explorar algúns camiños alternativos. Algunhas persoas acreditan nunha solución tecnolóxica, incluído o que chaman crecemento verde. Outras ollan cara aos coñecementos tradicionais, incluído o Coñecemento Tradicional Ecolóxico (TEK). O Consulado Internacional da Ciencia (www.icsu.org) aceptou nun informe de 2002 que o Coñecemento Tradicional Ecolóxico sobre flora, fauna e ecosistemas adoita ser máis sofisticado e emprega categorías máis precisas e matizadas que a maioría da ciencia occidental. Preocupáballes que este coñecemento fose invalidado polo tipo de sistema de ensino occidental. Ora ben, unha precaución importante é admitir que todo o coñecemento tradicional non resulta válido e pode estar baseado en mitos, e en

competición polo prestixio. Igualmente importante é admitirmos que algúns coñecementos baseados no coñecemento occidental poden ser igual de inválidos. Na globalización das corporacións actuais, a competencia entre as multinacionais pode conducir cara á explotación: por exemplo, as grandes dilixencias do coñecemento imperialista, ou os intentos de patentar varios aspectos da vida por medio de compañías farmacéuticas, ou explotando pozos petrolíferos como no Canadá. As multinacionais crean os seus propios mitos e ideoloxías no proceso de competición polos xeralmente escasos recursos e para lexitimar os seus métodos desastrosos.

Algunhas lexitimacións dos mitos tamén ocorren en e a través das escolas e universidades. O mito da necesidade do crecemento económico (*growthism*) é un dos perigosos. Outro mito igualmente perigoso e ligado a este concibe a homoxeneización do traballo, dos procesos e dos produtos como un pre-requisito imprescindible para os mercados, ao lles presupor que crean crecemento. A lexitimación disto é que unha parte deste crecemento se filtre e lles chegue ás persoas pobres do mundo. Isto, evidentemente, non está a acontecer.

Existen diversos grupos, entre eles os representantes educados ao xeito occidental de varias ciencias incluído os médicos e representantes dos coñecementos tradicionais, a que pertencen tamén os chamáns e as mulleres e homes da medicina, que durante a última década ou dúas intentaron discutir, debater e esclarecer a relativa validez e rendibilidade dos seus respectivos coñecementos e as responsabilidades que aparecen logo de teren eses coñecementos. Estas cuestións xa foron discutidas polas xentes indíxenas e os científicos non occidentais xa hai moito tempo. Mais semella que estas discusións en abundantes subcampos dominantes (*mainstream*, outro termo cargado de significados e, por tanto, impreciso) da lingüística aplicada (por exemplo ESL ou ensino bilingüe) atópanse quer no seu comezo quer desapareceron do discurso, non mudaron as formas en que estes ámbitos actúan nin o xeito en que se ollan a si propios. Moi ao contrario, co apoio destes campos de investigación aínda se continúan a cometer e a lexitimar xenocidios e crimes lingüísticos contra a humanidade no ensino, e na maioría de casos os/as autores/as nin sequer son conscientes de como será etiquetado o que están facendo ou lexitimando.

Etiquetar algún coñecemento como coñecemento tradicional ecolóxico pode, alén disto, formar parte dun proceso de invalidación. Están, efectivamente, reproducindo o seu poder colonial e neocolonial ao cuestionaren e reduciren as epistemoloxías indíxenas, as filosofías e os xeitos de facer ciencia a simple sabedoría local ou a ciencia étnica por parte dos científicos occidentais. Isto implica unha colonización do coñecemento. O acceso ao coñecemento occidental académico é presentado como o

acceso ao mundo moderno e ao desenvolvemento, o que reproduce os lazos do colonialismo (Pérez 2009: 213).

Esta disertación discutirá algúns destes asuntos científicos e outros neoimperialismos dentro dalgúns subcampos da lingüística aplicada, especialmente no ensino dun xeito integral con argumentos procedentes do ensino, da socioloxía, da lexislación sobre dereitos humanos, da teoría poscolonial, dos estudos sobre biodiversidade e dos estudos sobre o mantemento de linguas ameazadas e linguas vivas (véxase Dunbar/Skutnabb-Kangas 2010). O enfoque deste relatorio presenta os resultados directos ou indirectos do crecementismo e da homoxeneización ecolóxica e lingüística nos sistemas educativos.

2. Algunhas definicións iniciais: *growthism* ou crecementismo, homoxeneización, globalización, biodiversidade, antropocentrismo, sustentabilidade (crecemento verde) e ecouxustiza. Homoxeneización e crecementismo en relación coas linguas. As razóns de definirmos conceptos

Crecrementismo

O crecemento polo ben do crecemento é a ideoloxía da célula canceríxena (EdwardAbbey, http://thinkexist.com/quotationgrowth_for_the_sake_of_growth_is_the_ideology_of/204355.html).

O significado real do progreso do capital é que o crecemento debe proseguir até todos os obxectivos desexábeis remataren por se esgotaren e por se destruíren. A preservación de calquera equilibrio ecolóxico e humano, en sentido máis global, é negada na teoría e na práctica. Continuado polo seu ben e sen referencia a condicións existentes, o crecementismo é un cancro que produce unha continua diminución *per capita* e beneficios ilusorios – até que o espazo para a liberdade remate por esgotarse e a nosa dependencia e desesperación remate por ser completa (Kent Welton, <http://nooventures.edublogs.org/2007-08-28-growthism-by-kent-welton/>).

O *growthism* foi introducido na lingüística aplicada por Michael Halliday na súa idea central na Conferencia AILA en Thessaloniki en 1990. En outubro de 2011 había arredor de 16 000 entradas de *growthism* en Google. *Growthism* é unha manifestación especial de antropocentrismo. Dicimos como é de grande a casa e non como é de pequena, como é de rápido o coche e non como é de lento (véxase Fill 2001: 68).

Especialmente interesante é a aplicación do concepto de *growthism* ás linguas. Así, o emprego dalgúns idiomas crece como células cancerixenas a custa doutros. Están entre estes idiomas o árabe, o chinés, o inglés, o francés e/ou o español? Respondermos esta cuestión de maneira correcta é crucial para termos un diagnóstico acaído da contexto mundial no que se refire ao futuro da diversidade lingüística.

Homoxeneización ‘Facer uniforme ou similar’

Homoxéneo [como adxectivo] significa unha consistencia de partes ou xente que son semellantes entre eles ou son do mesmo tipo. *Homoxeneidade* [como substantivo] significa que todos son dunha clase ou natureza iguais ou semellantes. En termos ecolóxicos tamén se pode expresar como unha falta de ou unha redución de biodiversidade. A riqueza de especies é a unidade fundamental para avaliarmos a homoxeneidade do medio. Por tanto, calquera redución na variedade das especies, especialmente de especies endémicas, pode ser argumentada como unha avogación pola produción dun medio homoxéneo (http://en.wikipedia.org/wiki/Homogeneity_%28ecology%29).

É interesante para entendermos o significado básico do que queremos transmitir mudarmos *ecolóxico* por *sociolingüístico*, *biodiversidade* por *diversidade lingüística* e *riqueza de especies* por *riqueza lingüística*. Homoxéneo significa unha consistencia de partes ou xente que son semellantes entre eles ou son do mesmo tipo. Homoxeneidade significa que todos son dunha clase ou natureza iguais ou semellantes. En termos sociolingüísticos tamén se pode expresar como unha falta de ou unha redución de diversidade lingüística. A riqueza lingüística é a unidade fundamental para avaliarmos a homoxeneidade do medio. Por tanto, calquera redución na variedade das especies, especialmente de linguas endémicas, pode ser a base para propugnar a produción dun medio lingüístico homoxéneo. É posíbel, por suposto, aplicar o concepto de homoxeneización ás linguas. E é verdade que a desaparición de linguas provoca que o medio lingüístico sexa máis homoxeneizado e, por conseguinte, máis pobre.

Homoxeneización e McDonaldización

Outra definición de interese é o concepto de McDonaldización (Hamelink, Ritzer) ou de Cocacolarización. Esta derradeira forma, talvez por sinalar un produto singular e particular tamén con connotacións específicas, foi o primeiro nome atribuído ao fenómeno discutido hoxe baixo o título de «McDonaldización» (que toma o nome dunha

franquicia empresarial máis xeral). Cees Hamelink, investigador dos medios, e George Ritzer, sociólogo, teñen definicións complementarias e ningunha delas aparece na bibliografía do outro. Hamelink é moito máis crítico co fenómeno e discúteo desde un punto de vista global e estrutural, mentres que Ritzer semella vacilar entre a crítica e a fascinación e individualiza a McDonalidización en termos dos clientes e daqueles que desenvolveron a primeira empresa McDonalidizada» (Skutnabb-Kangas 2000: 456).

A definición de Ritzer de McDonalidización é, basicamente, a seguinte. Trátase do proceso en que os principais restaurantes de comida rápida están dominando cada vez máis, tanto sectores da sociedade americana como do resto do mundo. As dimensións básicas da McDonalidización son a eficiencia e a cuantificación. Eficiencia, cuantificación, predictibilidade, aumento do control a través da substitución da tecnoloxía non humana pola que é humana e os que semellan ser inevitábeis sistemas racionais de produción (racional no sentido weberiano) – a irracionalidade da racionalidade.

Para Hamelink, McDonalidization é parte da produción para os mercados globais onde os produtos e a información se enfocan en crear a impresión de clientes globais que queren servizos globais que veñen de provedores globais (Hamelik 1994: 110). A McDonalidización desenvólvese como unha agresiva mercadotecnia; a información controlada flúe para que a xente non se enfrente cos efectos secundarios a longo prazo provocados polo estilo de vida ecoloxicamente prexudicial, a vantaxe competitiva en contra dos provedores de cultura locais, a obstrución á iniciativa local, todos converxen nunha redución do espazo da cultura local. Coido que isto é o que tamén está a acontecer no caso da lingua galega.

Globalización

Ao falarmos de globalización estamos a ponderar o esforzo para estandarizar os hábitos, os valores e as maneiras de pensar das persoas consumidoras, algo que contribúe ao desenvolvemento dos mercados globais na liña de obter unha maior eficiencia e de producir máis beneficios. Politicamente, está baseado en postulados e valores neoliberais que xustifican esta última expresión da colonización occidental; socava as economías locais, as tradicións de autosuficiencia e os aspectos non monetarios das culturas locais; supón, finalmente, unha fonte de pobreza xa que precisa de participar nunha economía do diñeiro aínda cando a automatización fai que o emprego sexa aínda máis escaso; é destrutiva co medio ambiente e convértese nunha forza abafante

(véxase o dicionario *EcoXustiza* de Chet Bower, accesíbel na rede no enderezo <http://www.cabowers.net/dicterm/CAdict016.php>).

Parenti di que a globalización é a procura de estender o control do monopolio das corporacións por todo o globo. E de o facer en cada economía nacional, en cada economía local, en cada vida.

Pierre Bourdieu di que a globalización é a universalización ideolóxica de modelos particulares. Bourdieu (2001: 96-97) describe a globalización actual como un pseudo-concepto que resulta tanto descritivo como prescritivo, o cal substituíu a modernización, que foi moi empregada nas ciencias sociais nos EUA como un xeito eufemístico para impoñeren os poderes un modelo de evolución etnocéntrico e inxenu polo que se clasificaba ás diferentes sociedades tendo en conta a distancia existente entre estas e a sociedade economicamente máis avanzada, por exemplo a American Society. Bourdieu subliña que a globalización e o modelo que expresa encarnan a forma máis lograda de imperialismo universal que consiste en que unha sociedade, neste caso os EUA, universaliza a súa particularidade de xeito encuberto como modelo universal. E podemos preguntarnos se isto tamén acontece lingüisticamente.

Biodiversidade

O mundo natural ten moitas capas e é interdependente – desde a ecoloxía dos microorganismos á ecoloxía das plantas, dos animais e dos seres humanos; a renovación das especies depende da diversidade dos sistemas vivos; a biodiversidade é a base da vida e minala é minar a vida mesma; o contrario da forma de pensar antropocéntrica (véxase o dicionario *EcoXustiza* de Chet Bower, accesíbel na rede no enderezo <http://www.cabowers.net/dicterm/CAdict016.php>).

Antropocentrismo

É o xeito de pensar no mundo natural como unha fonte que debe ser explotada para os propósitos humanos; o fado do medio vai separado do dos humanos; os humanos son racionais mentres que o ambiente é percibido como salvaxe e con necesidade de ser posto baixo o control racional – ou substituído por un medio artificial creado por expertos científicos e tecnolóxicos; a chave da forma de pensar occidental ten as súas raíces no *Libro da Xénese* (véxase o dicionario *EcoXustiza* de Chet Bower, accesíbel na rede no enderezo <http://www.cabowers.net/dicterm/CAdict001.php>).

Sustentabilidade (Creceamento verde)

Unha palabra que está sendo adoptada polas corporacións para sosteren a ilusión de que as súas prácticas son sustentábeis tendo en conta o medio, cando o que realmente significa a palabra é que os seus beneficios son sustentábeis. Dentro do contexto de pensar nas reformas educativas que encaran a ecouxustiza e a revitalización das xentes, a sustentabilidade fai referencia a prácticas culturais que non degradan a axilidade que teñen os sistemas naturais para se renovaren a si mesmos; a énfase en non degradar as perspectivas de futuro e así abranguer tanto os sistemas culturais como naturais.

Ecouxustiza 1

Os aspectos da ecouxustiza en que se deben focalizar as reformas da educación tanto nas universidades como a un nivel público están ligadas coa necesidade de reducir o impacto na cultura do consumidor industrial de todos os días, mentres que ao mesmo tempo asegura que a xente non está empobrecida e limitada en termos de igualdade de oportunidades. Os cinco aspectos da ecouxustiza que teñen especial significado para os reformadores da educación inclúen os seguintes:

1. Eliminar as causas do eco-racismo.
2. Rematar coa explotación e colonización cultural do norte co sur (culturas do Terceiro Mundo).
3. Revitalizar as xentes para conseguir un equilibrio saudábel nos aspectos da vida en comunidade entre mercado e non mercado.
4. Garantir que as perspectivas das xeracións futuras non sexan minguadas polos arrogantes e por unha ideoloxía que manexa a globalización da cultura industrial de occidente.
5. Reducir a ameaza referida por Vandana Shiva como «democracia terrenal» -isto é, o dereito dos sistemas naturais de se reproduciren por si mesmos en vez de teren a súa existencia en continxencia ás demandas dos seres humanos. A ecouxustiza achega un marco conceptual e moral máis amplo para entendermos como acadar o obxectivo da xustiza social (véxase o dicionario *EcoXustiza* de Chet Bower, accesíbel na rede no enderezo <http://www.cabowers.net/dictterm/CAdict010.php>).

Moitos máis conceptos deben ser definidos, criticados, cuestionados en ámbitos onde o idioma traballa como un foco central e unha ferramenta de mudanza. O relevante para os obxectivos destas xornadas debe focalizarse nas consecuencias sociopolíticas

dos nosos conceptos sobre a lingua e a cultura. Coido que a pedagogía da linguaxe resulta ser unha ferramenta moi importante de poder político. Penso que soamente onde se coñecen abertamente as ferramentas de poder poden ser criticadas abertamente e son accesíbeis para tod@s, pode funcionar ben unha verdadeira democracia (Scollon 2004: 272).

Un dos paradoxos da planificación lingüística consiste en que, cando se trata de recuperar os espazos que unha lingua tivera historicamente, aparecen reaccións adversas queixándose de que se trata dunha imposición. O sociolingüista Sánchez Carrión –Txepetx– afirma que non se trata dunha imposición senón dunha reposición e, con esta idea, propoñemos replantar linguas nos seus territorios históricos e non noutros. Da mesma forma que non esperamos que o dakota se recupere no deserto de Sahara, ou o maorí en Siberia, si pensamos que hai que potenciar as linguas nos territorios onde se desenvolveron, porque é alí onde cumpren a súa función. Seguramente o maior contrasentido da mobilidade é que se utilicen as linguas para ignorar precisamente o lugar de destino. O proxecto de impartir cursos en inglés para os estudantes de Erasmus, por exemplo, é, ademais dunha forma de menosprezar a súa capacidade de aprendizaxe, unha forma de lles furtar aquilo que o lugar de destino lles pode achegar. Se nos van dar o mesmo en Lisboa que en Amsterdam, por que deberíamos desprazarnos?

Actualmente, as facilidades de desprazamento contribúen a migracións a longas distancias dun gran número de persoas e este fenómeno implicou tanto a desterritorialización de moitas linguas como a modificación da composición demolingüística de moitas comunidades. Cando o lugar de destino é tamén o territorio onde se desenvolveu algunha lingua minorizada, o comportamento lingüístico tanto da comunidade receptora, como dos inmigrantes é fundamental para preservar o equilibrio lingüístico. Os primeiros só poden esperar colaboración se partillaren a súa lingua, os segundos deben ser conscientes de que a súa opción pola lingua dominante contribúe a reforzar o poder que os obrigou a abandonar o seu lugar de orixe, e que unha forma de contrarrestar ese poder é xustamente contribuír á preservación das linguas minorizadas no lugar de destino.

Un pequeno mercado pode ser unha gran porta

Tal como dixemos anteriormente, a miúdo os creadores optan por unha lingua con moitos falantes coa suposición de que esta opción lles garante unha grande audiencia. Esta opción adoita implicar o rexeitamento á cultura da que se nutren e convérteos, ademais, non en interlocutores como pretenden, senón en pantallas que obstaculizan o contacto entre os creadores en linguas locais e o público internacional. Mais a opción pola lingua dominante adoita ter a consecuencia paradoxal de non chegar á audiencia natural e máis próxima por adoptar un vehículo que non comparte, e tamén de

non chegar á grande audiencia que se pretendía, porque as grandes linguas teñen mercados saturados onde é moi difícil facerse un oco; como dicía Pío Baroja: «Se quere triunfar en Madrid, pónase á cola». Porén, vimos como grandes obras en linguas minoritarias acabaron por achar o seu espazo e foron achegas importantísimas á cultura universal. Os pequenos mercados poden ser potentes altofalantes cando a obra tiver calidade.

Practica a diversidade lingüística cando te movas polo mundo

Actualmente, o turismo é unha das grandes forzas destrutoras da diversidade lingüística. A sustentabilidade lingüística implica non sumarse ao turismo aniquilador que procura en todas as partes o mesmo que non ten na casa, e aprender a gozar de todo o que os lugares teñen para ofrecer, e neste «todo» inclúense as linguas. Non podemos esquecer que os países monolingües son unha rareza, mais sobre todo non debemos esquecer que en moitos países multilingües, as linguas minorizadas ocúltanse. Interesarse por estas linguas, polas súas achegas á cultura universal é unha forma de dignificalas e de loitar contra os prexuízos lingüísticos. Mais non só o turismo é unha forma de desprazamento depredadora da diversidade. Unha das grandes contradicións contemporáneas é o grande número de ONG que pretende cooperar con outras culturas perpetuando ao mesmo tempo o imperialismo lingüístico na medida en que ignoran as linguas locais, é dicir, acentuando o desequilibrio e reforzando a idea de que as linguas importantes son as coloniais. A falta de reciprocidade nestes casos implica que a suposta cooperación se converta nunha forma máis de poder.

Preserva o teu espazo de liberdade: a lingua non cha poden quitar se ti non queres

Nos seus Contes du Lundi, Alphonse Daudet recorda unha frase de Frédéric Mistral: «Quand un peuple tombe esclave, tant qu'il tient ben sa langue, c'est comme s'il tenait a clef de sa prison». E é que poden escravizarte, cambiar o teu nome e mudar o nome do teu país, poden ocupalo e dominalo, mais o que non poden se ti non quixeres é cambiar a túa lingua. Por iso tamén, porque a lingua é un espazo de liberdade, é obxecto de todos os intentos de supresión, porque é o último reduto da independencia. Curiosamente, cando as culturas ameazadas pretenden preservar a lingua son acusadas de se cerraren sobre si mesmas, mais non se entende como cerrazón o feito de as culturas dominantes esperaren que as outras se adapten a elas e de permaneceren impermeábeis ás achegas das outras.

Non exclúas ningúen dunha lingua

Cando o Grup d'Estudi de Llengües Amenaçades se propuxo facer o inventario das linguas de Catalunya, fíxoo coa intención de tratar os demais como queremos que nos traten a nós, non negando quen somos nin atribuíndonos outras identidades que non recoñecemos como nosas. Tamén pensabamos que cando atopamos cataláns de orixe que preservaron a súa lingua noutros lugares do mundo, nos conmovemos profundamente. Por suposto, non cremos ser os únicos en sentir así e por iso queremos conceder a esas linguas o valor que outorgamos á nosa. Xulgabamos que, só así, poderíamos esperar reciprocidade, é dicir, que todos os cataláns, calquera que fose a súa orixe, partillasen connosco a tarefa de recuperar a lingua, porque cando pensamos na Catalunya do futuro próximo –vinte, trinta anos– o que vemos é un país onde unha parte moi importante da poboación terá linguas de todo o mundo no seu pasado familiar, e queremos que estas linguas formen parte do noso patrimonio á marxe da decisión individual de as preservar ou non. Ser lingüísticamente sustentábeis é tamén unha forma de convivir sen renunciar á diversidade.

Conclusión

Cando nos preguntamos como sería @ estudante lingüísticamente sustentábel, non pensamos tanto nas cuestións lingüísticas como nos aspectos actitudinais e de comportamento. A preservación da diversidade lingüística non é máis que a consecuencia do compromiso coa liberdade, a igualdade e saber e por iso nos pareceu que a que segue sería unha descrición axeitada:

@ estudante lingüísticamente sustentábel valora as persoas, e por iso non espera que se subordinen. Valora a diversidade, porque é unha persoa libre e sabe que a liberdade implica non renunciar a ser quen es. Valora o coñecemento, porque o fai máis libre e human@. @ estudante lingüísticamente sustentábel é consecuente, e por iso o seu comportamento lingüístico vai a prol das persoas, da diversidade e do coñecemento.

Obras de referencia

Bastardas, A. (2004): «*Cap a una sostenibilitat lingüística: conceptes, principis i problemes de l'organització comunicativa dels humans per al segle XXI*» / «*Towards a 'linguistic sustainability': Concepts, principles and problems of human communicative organisation in the twenty-first century*» X Congrés Linguapax / Diàleg 'Diversitat lingüística, sostenibilitat i pau', Fòrum Universal de les Cultures (on-line).

Bastardas, A. (2005): *Cap a una sostenibilitat lingüística* (Tarragona: Angle Editorial).

Comellas, P. (2006): *Contra l'imperialisme lingüístic. A favor de la linguodiversitat* (Barcelona: La Campana).

Diversos Autors (2005): *Les llengües a Catalunya* (Barcelona: Ed. Octaedro).

Harrison, K.D. (2007): *When Languages Die. The Extinction of the World's Languages and the Erosion of Human Knowledge* (Oxford: Oxford University Press).

Junyent, M. C. (en prensa): *El rol de les llengües de la immigració a l'escola* (Barcelona: Horsori).

Junyent, M. C. / Muncunill, C. (2010): *El libro de las lenguas* (Barcelona: Ed. Octaedro).

Romaine, S. / Nettle, D. (2000): *Vanishing Voices. The extinction of the world's languages* (Oxford: Oxford University Press).

Sánchez Carrión, J.M. «TXEPETX» (1999): *Márgenes de encuentro. Bilbao y el euskara. Aplicación sociolingüística de la territorialidad* (Bilbao: Ayuntamiento de Bilbao).

Táboa 1 (alimentos)

arroz: do dravídico
 banana: do wolof
 cacao: do mixe-zoque
 caqui: do xaponés
 croqueta: do francés
 endivia: do exipcio
 entrecosto: do francés
 escabeche: do árabe
 spaghetti: do italiano
 espinaca: do persa
 iogur: do turco
 kiwi: do maorí
 manga: do tamil
 merengue: do polonés
 ketchup: do chinés
 soia: do manchú
 chocolate: do náhuatl

Táboa 2 (vestido)

anorak: do inuktitut
 blusa: do francés
 camisa: do celta
 corbata: do serbocroata
 fular: do francés
 pantalón: do francés
 parca: do aleuta
 pixama: do hindustano
 poncho: do tehuelche
 quimono: do xaponés
 sueter: do inglés
 chal: do persa
 chándal: do francés

Táboa 3. Evolución da poboación total e estranxeira en Cataluña. Anos 2000-2010.

	(1) Poboación	Poboación estranxeira			
		Total	% sobre (1)	var. abs.	var. %
2010	7.512.381	1.198.538	15,95	9.259	0,78
2009	7.475.420	1.189.279	15,91	85.489	7,75
2008	7.64.078	1.103.790	14,99	131.283	13,50
2007	7.210.508	972.507	13,49	58.750	6,43
2006	7.134.697	913.757	12,81	114.853	14,38
2005	6.995.206	798.904	11,42	156.058	24,28
2004	6.813.319	642.846	9,44	99.838	18,39
2003	6.704.146	543.008	8,10	160.988	42,14
2002	6.506.440	382.020	5,87	124.700	48,46
2001	6.361.365	257.320	4,05	75.730	41,70
2000	6.261.999	181.590	2,90	:	:

Fonte: Idescat, a partir da explotación estatística dos padróns.

Os enredos musicais

EMILIO LOIS BLANCO

Introdución

Os enredos son uns trebellos que os «rapaces de antes» construían para usalos como xoguetes e facer barullo con eles, como instrumentos ou simplemente para enredar e pasar o tempo durante a súa construción.

Nos «tempos de antes» practicamente todos os nenos fixeron un ou varios destes enredos, xa que non contaban cos avances tecnolóxicos nin coas posibilidades económicas que hoxe temos. Moi a miúdo estes eran fabricados en momentos de lecer ou cando ían co gando, unha tarefa que pola pouca dificultade que tiña, lle tocaba facer case sempre á rapazada. Nestas horas en que o tempo non daba pasado, os rapaces argallaban estes enredos, dos que seguramente lles terían falado seus pais, irmáns maiores ou outros nenos que xa os elaboraran.

Os materiais necesarios para a súa construción xa os tiñan ao seu redor. Faciánnos con cana, pólas de árbores, noces, abelás, follas, cascás de landras etc., e a ferramenta que precisaban era case sempre unha navalla e pouco máis.

Aínda que a maioría dos enredos eran de construción sinxela tamén facían outros máis complexos e que a moitos dos «vellos gaiteros» que hoxe continúan a tocar, lles serviron para se iniciaren no mundo da música.

Descrición dos enredos

Asubío de casca de landra

Debeu estar moi estendido en parte porque as cascas podían recollerse todo o ano, tanto verdes como secas. Coñécense tres xeitos diferentes de facelo soar, e hai constancia de que era tocado non hai moitos anos tamén en Portugal.

Asubío de abelá

Este era outro dos enredos de construción sinxela. Simplemente collíase unha abelá, e desgastábana contra unha pedra pola punta, co que facían un rebaixe. Despois baleirábana e pousándoa nos beizos e co rebaixe cara a arriba, sobaban para adiante producindo así o son.

Este asubío tamén se facía do mesmo xeito coas pedras dos pexegos.

Asubío de cana

Facíase cunha cana de 10 ou 12 cm. de longo e 1 ou 2 cm. de diámetro. Esta cana tiña un nó por un dos extremos. No outro, facíase un bisel coa navalla como o dunha fruta de pico e no furado dese extremo introducíase un cortizo ou un pau cun rebaixe plano en dirección ao bisel, polo que ao soprar, se acadaba o son.

Tamén era posible facelo cunha cana máis longa e facerlle furados para os dedos. Así teríamos unha fruta de pico coa que poderíamos facer melodías.

Chifro de loureiro

É outro dos enredos máis populares seguramente pola abundancia de loureiros, porque se pode facer durante todo o ano, e polo doado da súa construción e obtención do son. É coñecido tamén como galo ou pito de loureiro.

Facíano cunha póla de loureiro duns 15 cm. e de 1 ou 1'5 cm de grosor. Levaba unha fendedura ao longo por un dos extremos duns 4 ou 5 cm. de longo en que se introducía unha folla do propio loureiro e á que se lle recortaba a parte que sobresaía fóra do

pau. Despois, para facelo soar, sopraban pola fendedura e a folla ao vibrar entre os dous paus, producía o son.

As castañetas

Cunha cana duns 5 ou 6 cm. e uns 2 cm de diámetro, facían as castañetas. O seu nome seguramente lle vén dado polo seu son, xa que é moi parecido ao das castañas.

Collían a cana, preferiblemente seca, e fendíana cunha navalla ao longo. Despois xuntaban a cana outra vez de maneira que os cortes encaixasen ben e con dous dedos suxeitábana por un dos cortes. Coa outra man, batendo de abaixo cara a arriba e dependendo da habilidade de cada un, facían ritmos con elas.

Reque-reque

É outro dos instrumentos que servía para facer ritmos. A unha cana duns 15 ou 20 cm. facíanlle uns rebaixas transversais cada 1 ou 2 cm. todo ao longo da cana. Estes podían ser feitos coa navalla ou cunha lima. Despois, con outra cana máis delgada ou cun pau, raspaban sobre ela facendo ritmos do mesmo xeito que se toca unha botella de anís, o que fai pensar que o reque-reque, que se utilizaba tamén para acompañar cantos, deixoulle paso á botella de anís, xa que acada un son moito máis brillante e potente.

O estalote de millo

Este enredo facíase alá polo mes de setembro, cando o millo xa estaba medrado e aínda estaba verde. Cortában un pé de millo con que lle quedaran tres nós e dábanlle dous cortes lonxitudinais e paralelos do primeiro ao segundo nó.

Ao bater o estalote no aire ou contra a man, produce uns grandes estalos e tamén podían facer ritmos con eles.

Carrizo

Recibe este nome porque o seu son é moi parecido ao que fai este paxaro, aínda que tamén lle chaman ra ou carallete.

Para facelo, abrían unha noz ao medio á que lle facían un rebaixe pola parte máis ancha contra unha pedra. Despois, envolvíanlle un fio ou sedenla darredor dándolle varias voltas e polo medio destas introducían unha lamia de cana. Logo ao ir xirando esta lamia en perpendicular cos fios, esta fase tensando co que se conseguía un resorte.

Era posible facelo tamén de cana. Esta cana sería duns 4 cm. de longo e 3 cm. de diámetro e construíase do mesmo xeito que o de noz. Só había que bater no extremo libre da lingüeta para que o carrizo comezase a «cantar».

Mirlitón

É tamén coñecido como tuto. Collían unha cana de 6 cm. de longo e 2 cm. de diámetro sen nós, á que lle facían un furado no medio de 1 cm. de diámetro. Este furado normalmente era feito cun ferro quente, que era o xeito máis rápido. Nun dos seus extremos poñían unha membrana que podía ser de papel de fumar ou de casca de cebola e atábana cun fio ou cordel fino. Esta tiña que estar tirante mais non demasiado tensa. Despois ao cantar ou falar polo furado, a membrana vibraba, deformando así a voz. Moitas veces os rapaces suxeitaban o mirlitón coa boca, o que lles permitía ter as mans libres e facer outra cousa ao mesmo tempo que o facían soar.

Outro xeito de facelo, aínda que máis complexo, era nunha cana sen nós e algo máis estreita que a anterior, facer un rebaixe de 2 cm. coa navalla e máis ou menos ao medio.

Había que ser moi meticuloso para facelo, xa que tiña que quedar unha membrana moi fina para que chegase a vibrar ao cantar por un dos buratos.

Gaita de cana

Pode usarse como xoguete ou como instrumento. Algún rapaces usárono simplemente para facer barullo, mais a moitos outros valeulles para se iniciaren no mundo da gaita, e así moitos dos vellos gaiteiros que aínda hoxe tocan, comezaron cunha gaita como esta.

Cando un rapaz quería aprender a tocar e as posibilidades económicas non lle permitían mercar unha gaita ou unha frauta, o que facía era construír unha de cana, coa que podía comezar a facer as súas primeiras melodías.

Esta era unha cana duns 15cm. de longo e 1 cm. de diámetro e cun nó por un dos extremos, á que lle facían unha lingüeta polo lado do nó, como o pallón dunha gaita. Con isto xa obtiñan o son. Despois ao facer furados máis ou menos onde lle pousaban os dedos (cun ferro quente), xa estaba lista para tocar.

Non importaba se a escala non era temperada, aínda que as persoas máis habilidosas e con mellor ouvido musical podían lograr unha afinación perfecta.

Houbo outros rapaces que lle engadiron un fol. Este era feito coa vincha dun porco, que despois de lavala con vinagre, salgaban e secaban. Despois facían un soprete con outra cana e ataban a gaita no fol, co que xa tiñan unha gaita de vincha.

Frauta de cana

A frauta de cana (traveseira) foi outro dos instrumentos que lle valeu á rapazada para comezar a tocar, xa que era de construción doada e de afinación case perfecta.

Moitas veces non se podía mercar un pínfano ou unha frauta de madeira, que vendían normalmente nas feiras, así que as facían de cana. Para isto, collían unha cana duns 25 cm. de longo e 1'5 ou 2 de diámetro. Nun dos seus extremos debía levar un nó. Preto deste nó, facían un burato de 1 cm. de diámetro, máis ou menos. Despois, facían furados para os dedos e xa logo lle sacaban son. Estas frautas tiñan un rexistro de dúas oitavas, as veces máis, segundo a súa feitura.

Folla de hedra

Cunha folla de hedra, de laranxeiro, limoeiro ou de «corneta», os nenos e non tan nenos, foron capaces de sacar sons e melodías. O son da folla é un son agudo e potente e que ten un rexistro moi amplo, dependendo da capacidade de cada un.

Para facela soar, pousaban no beizo inferior unha parte recta da folla, con que fixera unha lingüeta que ao soprar vibraría contra o labio superior. Cando xa acadaban un son de certa calidade, só tiñan que modular do mesmo xeito que asubiando, polo que

ao igual que cando unha persoa asubia, podían facer as melodías que a cada quen lle viñesen á cabeza.

Esto foi usado máis ben como enredo, xa que non hai constancia de que fose tocada nin como instrumento nin con outros instrumentos.

A flor do toxo


Segundo a pouca información que hai deste enredo, a rapazada collía unha flor de toxo ou xesta, e coa lingua, colocábaa no padal. Ao envír o aire en dirección á folla, esta vibraba e «os rapaces andaban a correr e trinaban igual que un xílgaro».

Outros enredos

Houbo algúns enredos que só se facían na primavera, como foron os asubíos de aveneiro ou castiñeiro, as gaitas de alcacén e as pipas de castiñeiro, que por estar a savia baixa ou por «non estar o alcacén para gaitas» non se podían facer noutra época.

Tamén palletas de herba, asubios de bugallo, violíns de millo e moitos outros, que nenos e nenas foron quen de reproducir e gardar na memoria e que grazas a eles podemos coñecelos hoxe.


RECO-RECO



MIRLITÓN DE CANA



CARALLETE DE NOZ




MIRLITÓN DE CANA II



GAITA DE ALCACÉN



ESTALOTE DE MILLO



GAITA DE CANA



Normalizar e(/é) construír

MABEL RIVERA

Fundación Galicia Verde

Introdución

En primeiro lugar, no nome da Fundación Galicia Verde quérovos agradecer este convite que nos vai dar a ocasión de intercambiar convosco conceptos de normalización, esa normalización imprescindible para unha lingua que vimos reivindicando desde tempo inmemorial como un feito básico para a construción do país, mais que curiosamente non parecemos contemplar para outros aspectos. A terra (a patria) tamén fala, e leva tempo lanzando berros desesperados. Por iso creo que é pertinente estarmos nesta táboa e nun foro universitario, no convencemento de que o que imos tratar conforma un conxunto de coñecementos que merecen ser elevados a este rango de estudo, investigación e, por suposto, de consideración social.

Con frecuencia cada vez máis xustificada saen (saímos) á rúa milleiros de persoas a contestar a permanente aldraxe perpetrada contra a lingua. Sempre que isto sucede, eu non deixo de pensar que oxalá que eses mesmos milleiros sentisen igual necesidade de protestar pola ausencia de produtos galegos nos andeis dos supermercados e das grandes superficies. Mais cando se trata de defender outras linguaxes (insisto: a terra fala) só nos mobilizamos os catro gatos de sempre (o de gatos dígoos con toda confianza, como parte da pequena panda). A lingua é unha convención, un acordo entre humanos para entendérmonos; a terra estaba antes. Existe un amplo espectro sociopolítico acérrimo defensor da lingua como punta de lanza da nosa soberanía, mais que sucede coa soberanía alimentaria, cos recursos enerxéticos propios, coas nosas materias primas, co noso medio rural? A lingua é un valor máximo como sinal de identidade dun país, mais non é o único; nós pensamos que a súa defensa débese

dar, nin antes nin despois, senón ao mesmo tempo doutros sinais que tamén nos conforman, que nos fan diferentes.

Volvendo ao punto da ausencia case total de produtos galegos, de calidade, dos supermercados e desas superficies que tanto nos facilitan a compra de alimentos, habería que facer unha salvidade en relación co Corte Inglés, que dispón dun recanto moi mono denominado «curruncho galego», como se iso abundase para xustificar que o resto de andeis estean cheos de produtos, se cadra contaminados ou transxénicos, procedentes de calquera parte do mundo: patacas de Exipto, lagostinos de Chile, chicharos de Perú, e a xa totalmente introducida (polo seu baixo custo, por suposto), panga vietnamita: un peixe vietnamita en Galicia, por favor! Todo isto ten que ver coas grandes políticas, apoiadas (ou consentidas) por todos os partidos, mesmo os nacionalistas.

A normalización dese sector básico que é a alimentación pasaría, por tanto, polo exercicio da nosa soberanía alimentaria, o que significa, nin máis nin menos, que o normal sexa que en Galicia produzamos e comamos produtos galegos de calidade, e non lixo de importación. Senón, convídevos a facer un exercicio do máis simplón: ide a calquera supermercado e dedicade un tempinho a comprobar nos datos de trazabilidade (se os houber, que esa é outra) a procedencia dos produtos: a ver cantos encontrades que sexan de produción propia; de feito, hai moi pouca xente que dea en pensar que moitas das patacas dispoñibles actualmente no mercado non sexan galegas: mencionamos antes as patacas de Exipto; ou as francesas (vaites cos nosos veciños europeos!); iso si, esas están especializadas: para cocer, para fritir, para esmagar ...

Se algunha vez decidides facer tal exercicio, é aconsellable que vos armedes duns bos lentes de aumento, xa que os datos de procedencia adoitan vir en caracteres minúsculos: por qué será? Superada a dificultade visual, poderedes comprobar que gran cantidade de produtos envasados proceden de Perú, Chile, Arxentina ... ou China! Por exemplo, no caso das fabas, que, como o seu nome indica, son a base dun prato tan propio da nosa veciña Asturias como a famosa fabada: quen había pensar que as tales *fabes* non sexan producidas, polo menos, dentro do territorio español, aínda por riba cando no paquete figura claramente *Habas «La Asturiana»*? Ou os famosos espárragos desa marca tan racial como son os «*Cojonudos*»: quen había pensar que se producen na China ou no Perú, sendo unha das denominacións de orixe tradicionalmente (e tan recoñeciblemente) españolas?

E é que a globalización funciona: toda a inmensa variedade e calidade dos nosos produtos foi ao garete grazas a esa salvaxe operación de desmantelamento á que vén

sendo sometida a produción agrícola propia, co consentimento dos estados e dos responsables políticos das distintas administracións que non dubidaron en permitir a ruína dun sector primario de gran potencia para vendelo flagrantemente ás multinacionais da alimentación, catro ou cinco enormes empresas que arrasan, a nivel mundial, co máis básico: o que comemos. Un paso de xigante cara á total dependencia das importacións de produtos alimenticios (mesmo os máis básicos), tras dismantelar un dos motores da economía e, por suposto, da saúde, da nosa propia e da do medioambiente. A produción local é sinónimo de produto máis san, de trazabilidade óptima, factor de creación de riqueza en proximidade, redución da contaminación, aforro no transporte, dinamización da vida local etc. Etc. En definitiva: que a tan necesaria normalización pasa tamén pola da nosa produción agrícola e, como xa dixemos ao principio desta introdución, desde a Fundación Galicia Verde agradecemos que vós participedes desta consideración.

Presentación histórica

A Fundación Galicia Verde (secretaria@fundaciongaliciaverde.org) está inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego, e foi clasificada como de Interese Benéfico-Social por Orde da Consellaría de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 23 de outubro de 2002 (DOG do 29 de outubro) e declarada de Interese Galego por Orde da Consellaría de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural do 11 de novembro (DOG do 2 de decembro). Figura inscrita co número 2002/21. É unha entidade sen ánimo de lucro, que ten como principal obxectivo o desenvolvemento rural sustentable. Para tal fin, dispón dun primeiro centro baixo a denominación de Centro Galego de Medio Ambiente, Novas Tecnoloxías e Desenvolvemento Rural para a Investigación, o Ensino, a Divulgación e a Promoción do Emprego.

A denominación deste centro dá conta claramente do seu compromiso coa sociedade e co medio rural.

Obxectivos

A auténtica razón de ser da Fundación Galicia Verde é o medio rural, en que se centran todas as súas actividades. Pretende actuar como dinamizadora da actividade agrícola, gandeira, forestal e turística respectuosa co medio ambiente na comarca de media montaña onde está instalada, e cuns obxectivos moi claros:

- Dignificar a imaxe pública das persoas dedicadas ao sector primario, por seren imprescindibles para esta sociedade. Hai que lle dar a volta á figura deostada do agricultor e situala no lugar que lle corresponde polo seu labor esencial. Nunha sociedade primordialmente tecnolóxica como esta en que nos toca vivir actualmente, o sector primario continúa a ser imprescindible, mesmo por razóns estratéxicas.
- Fixar a poboación rural, facéndoa atractiva para os/as máis novos/as. A principal razón para o abandono do rural é a económica, xa que se paga moi pouco polos produtos agro-gandeiros, e dáse unha dependencia excesiva das subvencións ou cotas.
- Converterse nun centro de formación e investigación permanentes non só para a formación e reciclaxe dos profesionais, senón para recuperar e mellorar o noso patrimonio xenético autóctono.
- Promover a creación de feiras para dar a coñecer as sementes propias da Fundación, degustar os nosos produtos ecolóxicos e, xerar unha grande actividade en torno aos cursos, charlas ou seminarios que a F.G.V. ten previsto organizar con regularidade arredor desta actividade central.
- Sensibilizar as xentes da comarca ante os graves problemas medioambientais, ofrecéndolles solucións acordos cos tempos actuais, tanto no aforro enerxético como na contaminación derivada da súa actividade profesional, e con particular atención á área da saúde, tanto ambiental como das persoas.

O principal obxectivo da Fundación Galicia Verde, arredor do cal se estruturan todos os demais, é a dignificación da persoa d@ agricultor/a e a defensa do medio ambiente en que vive, co fin de fixar poboación no medio rural. Para iso traballamos na formación de grupos de agricultor@s para establecer con el@s unha relación directa que se plasmaría, entre outras, nas seguintes accións:

- 1ª. Formativa, para inicialo@s nas técnicas da Agricultura Ecolóxica.
- 2ª. De coordinación, prestándolles asistencia e asesoramento continuado tanto para a planificación das súas explotacións como para a superación de calquera tipo de problema relacionado coas prácticas agrícolas.

- 3ª. De investigación, para ofrecerlles mellores sementes ano tras ano, tanto no aspecto da recuperación de sementes autóctonas, como no da introdución de novas variedades de interese comercial.
- 4ª. De apoio, creando un parque de maquinaria de uso temporal que @s agricultor@s poderán utilizar cubrindo exclusivamente os gastos de amortización e mantemento.
- 5ª. De control de calidade, mediante análises cualitativas, tanto da produción agrícola coma do terreo, asesorando sobre as emendas que deben introducir.
- 6ª. De modernización, investigando sobre novas técnicas asequibles para @ produtor/a, que lle permitan obter unha maior e mellor produción. Entre as principais liñas de traballo que temos previstas citaremos:
 - a loita biolóxica contra pragas;
 - a depuración de augas por medios naturais, polo sistema de lagunaxe;
 - o desenvolvemento dun invernadoiro de montaña de baixo custo e alto rendemento.

O Centro

Instalado na antiga Escola de Leboso (Forcarei-Pontevedra), foi restaurado coas axudas recibidas do AGADER, da Consellaría de Vivenda e Solo e do Concello de Forcarei, que nos permitiron culminar un traballo en que viñan participando desde anos atrás numeros@s voluntari@s de toda Galicia. Este edificio, que xa é a sede da Fundación Galicia Verde, está destinado a cumprir un triplo obxectivo

- como centro de investigación de novas tecnoloxías aplicadas ao rural, dispoñendo para iso de dous laboratorios: un de análise de terras e outro de análise cualitativa (unha novidade a nivel do estado). O Centro será autosuficiente tanto a nivel enerxético coma no tratamento de residuos, reciclando totalmente as augas e os residuos orgánicos con métodos biolóxicos;
- como centro de recuperación de sementes autóctonas de calidade, para o que dispón dunha hectárea de terreo. Estará especializado en verduras, cereais e legumes. Estamos facendo xestións para poder organizar un bosque sustentable, con especies autóctonas micorrizadas, mel, froitos silvestres etc.;

- como centro de formación permanente, impartindo cursos de maneira continuada e coa idea de constituírnos en Centro de Formación en Agricultura Ecolóxica a nivel de FP-2, para o que contamos coa colaboración da USC, coa que asinamos un convenio de investigación.

Funcionará, asemade, como centro social d@s veciñ@s da Parroquia de Leboso, o que vén sendo como devolverlle o sentido que tivo orixinariamente, pois non podemos esquecer que @s pouc@s veciñ@s que alí quedan aínda fixeron os seus primeiros estudos nesta fermosa escola do ano 1926. Todo o concello de Forcarei, e de maneira moi especial este grupo de parroquias veciñas á de Leboso, vén sufrindo unha paulatina perda de poboación que as deixa sumidas no abandono e na falta de infraestruturas culturais (agás as festas da richada e do gaitero, por suposto). A escasa poboación está maioritariamente constituída por anciáns que nunca recibiron (nin demandaron) actividades deste tipo. Pensamos que a Fundación Galicia Verde podería desenvolver un importante labor de dinamización tamén no terreo cultural e lúdico (biblioteca, videoteca, internet, etc.).

Previsións a curto prazo (201-12)

- Continuar a formación de grupos de agricultor@s (preferentemente) da comarca de Forcarei.
- Os servizos xurídicos da Fundación Galicia Verde asesoran sobre os contratos cos/as agricultor@s aos que se lles encargará a reprodución masiva das sementes seleccionadas, tras a adecuación dos seus terreos de cultivo.
- Deseño e posta en marcha da nosa explotación hortícola.
- Preparación masiva de *compost*, tanto para uso propio como d@s agricultor@s que se integren na Fundación Galicia Verde.
- Desenvolvemento do invernadoiro de montaña.
- Creación do parque de maquinaria.
- Impartición de cursos a particulares, tanto *on line* como presenciais.

- Seguir avanzando no obxectivo da autosuficiencia enerxética.
- Lanzamento dunha TV rural por internet.

O proxecto da Fundación Galicia Verde no seu conxunto parte da idea e do impulso persoal de Enrique Banet, ao que se foi sumando un grupo de colaborador@s moi compacto e moi constante. Durante máis de 10 anos Enrique dirixiu e presentou na TV de Galicia un programa chamado Senda Verde, co que desenvolveu un auténtico labor de educación medioambiental que aínda continúa a ser un referente para moitísima xente tanto dentro coma fóra de Galicia. Cando o programa desapareceu da grella foi cando decidimos darlle continuidade levando á práctica o que eran as súas liñas básicas, e que coinciden cos obxectivos dos que vimos falando. Esta explicación vén ao caso porque hai un aspecto para nós importantísimo que é o audiovisual, imprescindible para a divulgación de todas as actividades que se realicen na Fundación Galicia Verde. O medio televisivo é moi potente á hora de difundir contidos de todo tipo, e nós (e aquí sí que me inclúo eu) como profesionais do medio, somos os primeiros en valoralo. De feito, os pasos básicos xa están dados, o soporte xa está constituído e esperamos que en pouco tempo esta televisión sexa unha realidade).

Sobre o concepto de Soberanía Alimentaria

Enténdese por *Soberanía Alimentaria* o dereito que teñen todos os pobos a produciren os seus propios alimentos. Dito así, sen máis, isto non parece ter maior transcendencia; mais se o formulamos doutro xeito, como o dereito dos pobos a non dependeren das importacións de alimentos, con todo o que iso implica, daquela xa entramos nun terreo que require unha análise máis pormenorizada.

Cando unha poboación indíxena produce os seus propios alimentos, faino utilizando sementes adaptadas ao seu medio que @ agricultor/a foi seleccionando e mellorando ano tras ano. Cando un país importa alimentos, está caendo nas redes das multinacionais que producen estes alimentos de forma masiva (polo xeral, en zonas moi deprimidas onde @ agricultor/a percibe salarios misérrimos polo seu traballo, e onde practicamente non existe control ningún sobre a utilización masiva de agroquímicos).

Se realizarmos unha comparación entre a produción indíxena e a produción por parte de multinacionais, encontramos diferenzas fundamentais en que, en xeral, a xente non repara porque está totalmente desinformada ao respecto. En primeiro lugar, cómpre indicar que unha produción local reparte mellor a riqueza, e sobre todo repártea alí

onde esta riqueza se produce; mentres que a importación xera grandes beneficios para o importador (tres ou catro grandes empresas) a custo, entre outras cousas, de destruír o tecido agrícola local. Pero hai máis: cando producimos os nosos alimentos a miles de quilómetros (ou, mellor dito, cando os producen esas grandes multinacionais), a continuación vai haber que transportar eses millóns de toneladas de alimentos ata unha serie de puntos de destino moi afastados, e isto vaise facer a expensas do erario público do lugar de destino, de xeito que cos cartos de tod@s nós estaremos contribuíndo a destruír as nosas propias estruturas rurais de proximidade en beneficio dos intereses comerciais dunhas poucas empresas, xa que a importación deses milleiros de toneladas supón un enorme gasto enerxético, orixina unha gran contaminación e crea a necesidade de realizar fortes investimentos públicos en infraestruturas como son os grandes portos onde descargar e almacenar os colectores que viaxan nas bodegas de enormes buques, e que logo van precisar outras grandes vías de comunicación para o posterior reparto desas mercadorías.

«Hai que comer san», adoitamos escoitar por aí alegremente. Efectivamente, unha boa alimentación é a base da saúde, a auténtica medicina preventiva. Mais ninguén explica a importancia de consumir produtos de tempada (producción local) mentres o mercado se inunda con todo tipo de produtos exóticos creándolle ao público a falsa necesidade de dispoñer de todo durante todo o ano; e isto si que non ten nada de san, acaba pasando factura, non queda impune. A importancia do produto de tempada radica en que as súas características veñen dadas polo clima, non hai que forzalo. Mentres que ese produto tan exótico e tan rechamante que se nos ofrece tivo que ser recollido en verde, sen recibir a necesaria enerxía do sol, houbo que engadirlle conservantes, maduralo artificialmente ..., o que fai que chegue ao mercado carente dos elementos nutritivos esenciais que se lle supoñen. De maneira que temos diante dous sistemas contrapostos: a *Ecoagricultura*, que promove a produción local e a distribución nun radio relativamente pequeno, o que minimiza os custos de distribución; e, no outro extremo, a importación masiva de alimentos cos elevadísimos custos medioambientais e de distribución que implica, e que repercuten directamente no peto (e na saúde) d@ contribuínte.

Vemos así que a *Ecoagricultura* crea e distribúe a riqueza localmente, mentres que a agricultura de importación beneficia moi poucas persoas, sen que saibamos moi ben onde reverteren eses beneficios (se cadra a algún paraíso fiscal ...?), ao tempo que fan totalmente dependente o país que ten que realizar a importación. Ademais, a agroquímica pretende que a industrialización do sector primario tende a conseguir producións masivas a baixo custo, dato falso pero convenientemente divulgado como xustificación; porque o que non se di é que a industria agroquímica non asume o custo

da fortísima contaminación que orixina nos lugares onde cultiva masivamente: as terras, os acuíferos, o aire, os animais, as persoas ..., todo contaminado polo uso (inevitable) de pesticidas e fertilizantes; nin tampouco se fala das nefastas condicións de traballo ás que se somete a quen se ten que dedicar a este penoso labor (imaxinade eses milleiros de persoas baixo un plástico durante xornadas interminables, a pleno sol e respirando puro veneno). Por outro lado, a mecanización intensiva destrúe a estrutura das terras de labor provocando, á súa vez, a dependencia dos produtos agroquímicos. O concepto de *Ecoagricultura* dá resposta ao reto que se lles presenta aos pobos indíxenas no terreo da *Soberanía Alimentaria* (o de «pobos indíxenas» tamén inclúe a Galicia). Desde a Fundación Galicia Verde defendemos, por suposto, unha agricultura que non utilice substancias químicas de síntese e que abasteza o mercado local, entendendo por tal o que abrangue un radio de 50 qm. arredor do lugar de produción, dando prioridade ás zonas máis próximas, e destinando non máis do 20% desta produción á exportación a outros lugares.

É evidente que cos actuais prezos de produción fixados pola PAC (Política Agraria Común) europea non sería posible a supervivencia dunha *Ecoagricultura* que, ao contrario do que sucede no caso das explotacións agroquímicas, non precisa de grandes superficies. O que a *Ecoagricultura* propugna é unha política xusta de prezos pola que @ productor/a (é dicir, @ agricultor/a) obteña a maior parte do beneficio sen ter que recorrer a axudas ou subvencións que o único que fan é beneficiar e subvencionar, indirectamente, ao distribuidor. Para este fin, a Fundación Galicia Verde propón unha relación directa produción-consumo (ou entre productor@s e asociacións de consumidor@s) que beneficie ambas as partes, de xeito que @ agricultor/a estea dignamente pagad@ e poida vivir do seu traballo, mentres que as asociacións de consumidor@s, e a través delas @ destinatari@ final, que é @ consumidor/a, poidan obter mellores prezos xunto con alimentos de calidade garantida.

Sobre o concepto de EcoAgricultura

Polo xeral, cando falamos da produción de alimentos sen utilización de substancias de síntese (é dicir: sen ningún tipo de veneno como poden ser os fertilizantes químicos, os herbicidas, os pesticidas etc. etc.) adoitamos chamarlle Agricultura Orgánica ou Ecolóxica. Porén, estes termos parécennos insuficientes por canto entendemos que un proceso para ser considerado sustentable e non contaminante, débeo ser desde o seu inicio ata a súa completa finalización. O proceso de produción agrícola comeza coa selección da semente e a súa plantación nun terreo non contaminado, e remata cando o produto (en fresco ou elaborado) chega ao/á consumidor/a. De non termos en

conta estas consideracións, podería suceder o que de feito xa se vén dando na realidade, e é que se lle chame «orgánico» ou «biolóxico» a un produto colleitado a milleiros de quilómetros do seu lugar de venda, sen ter presente que ao longo do proceso que vai desde a sementeira ata o consumo poden producirse fortes contaminacións, desmesurados gastos enerxéticos ou ter a necesidade de montar grandes infraestruturas, entre outras consideracións.

Por iso discrepamos dos avais de calidade establecidos pola administración, a través do CRAEGA, por entender que non consideran os tres requerimentos mínimos que nós xulgamos que debe reunir un produto para ter a consideración de ecolóxico:

1. Non levar substancias de síntese.
2. Que a venda da produción (como mínimo dun 70%) se faga en mercados que estean a un máximo de 50 quilómetros.
3. Sobre todo, que @s traballador@s estean dignamente pagad@s e teñan horarios xustos.

É fundamental realizarmos un seguimento de todo o proceso de produción e distribución de alimentos e minimizar o seu impacto sobre o medio natural, o que establece a relación directa entre os conceptos de *Ecoagricultura* e de *Soberanía Alimentaria*.

Entendemos, daquela, que a *Ecoagricultura* no só debe producir alimentos sans, senón que ademais debe supoñer un impacto nulo (o moi reducido) sobre o medio ambiente. Para iso, non só nos centramos en producir alimentos sen utilizar substancias químicas de síntese, senón que intentamos, ao mesmo tempo, reducir ao máximo os custos de transporte, infraestruturas, gasto enerxético etc., aos que nos referimos anteriormente, unha cousa que só é posible se producimos e vendemos localmente. Non hai nin que dicir que, dada a actual situación de crise, o dereito soberano dos pobos a en controlaren a súa propia alimentación estase vendo gravemente ameazado. Unha vez que rebentou a chamada burbulla inmobiliaria, os grandes mercados da alimentación viron multiplicar as súas posibilidades de negocio pola existencia de grandes masas de material especulativo que se están trasladando desde o *ladrillo* ao mercado alimentario. A gran materia prima que son os alimentos está cada vez máis concentrada nas mans de grandes grupos financeiros, favorecidos polas políticas de «axudas» ao campo, como son o PER, a xa mencionada PAC etc. A alimentación como dereito humano, como necesidade básica, está nas mans de mercaderes o suficientemente poderosos e despiadados como para pagar por impedir que se cultive, con tal de controlar o mercado ..., aínda que a xente morra de fame.

Como acadar os obxectivos propostos?

Mencionamos máis arriba que a restauración da Escola de Leboso foi posible polas axudas recibidas de diversas institucións: fondos europeos a través do AGADER, da Consellaría de Vivenda & Solo e do Concello de Forcarei, a máis do labor incansable dun grupo de esforzad@s voluntari@s ao longo de todos este anos. Mais a adecuación do edificio, aínda que fundamental, non era máis que a acción inicial do amplo proxecto que é a Fundación Galicia Verde; as actividades concretas necesarias para darlle contido supuxeron un traballo incesante de elaboración de propostas concretas plasmadas nunha interminable listaxe de solicitudes de axudas que levamos presentando nos últimos anos, e que paso a relacionar brevemente porque creo que dan boa conta do avance producido e da solidez e da coherencia do propio proxecto. Por orde cronolóxica son as seguintes:

2006

* Proxecto LEBOSO (presentado á AGADER):

Poderíámolo definir como o noso gran proxecto fundacional. Contén a declaración de intencións da F.G.V.; a definición das grandes áreas de traballo (formación, investigación); as primeiras propostas de investigación (análise de terras, depuración de augas residuais con especies autóctonas, loita biolóxica contra pragas en cultivos, viveiro para reprodución de especies autóctonas, etc.); a asignación de áreas de traballo (cultivos, edificio, depuración, compostaxe ...); e quedan definidas as diferentes fases do proxecto.

2007

* Restauración do edificio e da cuberta da antiga escola

- Este ano dedícase integramente a esta tarefa fundamental, que se pode rematar con fondos da UE (a través do AGADER) e da Consellaría de Vivenda e Solo.
- Comézase a proxectar o programa de cursos e elabórase o temario do 1º Curso Online de EcoAgricultura (200 h., 6 meses, 6 módulos en liña con cadansúas prácticas presenciais) coordinado por Enrique Banet, presidente da F.G.V., e con titores por áreas procedentes todos eles da USC, e membros do comité científico da Fundación Galicia Verde).

2008

Nesta altura xa se fai urxente impulsar o traballo sobre o terreo, polo que a primeira necesidade é a capacitación d@s agricultor@s participantes.

* Obradoiro de Emprego de Agricultura e Froiticultura Ecolóxicas (Consellaría de Traballo)

- Desenvólvese ao longo de 1 ano, promovido pola F.G.V., pero finalmente organizado polo Concello de Forcarei. Participan 30 persoas, 14 das cales pasan a recibir formación específica e gratuíta por parte da F.G.V., coa finalidade de constituírse, ao remate do Obradoiro, en varias UTE en que aplicar e rendabilizar os coñecementos adquiridos ao longo do obradoiro.

* Solicitude de axuda para Proxectos Dinamizadores en Áreas Rurais (Consellaría de Medio Ambiente):

- Promoción de actividades para dar servizo ás posibles empresas que se formasen a partir do Obradoiro (contratación de 1 persoa técnica especialista en A.E., e 1 técnica para investigación en laboratorio, por 1 ano).
- Creación dun Parque de Maquinaria para dar apoio ás UTE antes mencionadas (tritadoras, ferramenta de horta etc.).

* Proxectos Innovadores (AGADER):

- Informatización integral da horta.
- Posta en marcha dunha TV Rural por internet (cámaras web, emisións, creación de bases de datos para divulgación).

2009

* Programa de Fomento do Emprego (Consellaría de Traballo):

- Contratación de 2 persoas traballadoras (1 técnica superior e 1 traballadora de horta) durante 9 meses.

* Ciclo FP-2 (Dirección Xeral de Educación, F.P. e Innovación Educativa):

- Elabórase un borrador base para solicitar o inicio dos estudos pertinentes para a creación dun ciclo de FP sobre esta materia, dada a inexistencia de estudos regulamentados, e alegando a situación estratéxica da zona de Forcarei para situalos.

* Cursos de Formación (Deputación de Pontevedra):

- Programa de cursos de: Iniciación á A.E.; Análise de terras; Cristalizacións sensibiles; Fertilización, rega e depuración de augas; curso OnLine de 300 h. de duración).

2010

Nova solicitude de Programa de Fomento Emprego (Consellería de Traballo).

Nova solicitude de Proxectos Dinamizadores de Áreas Rurais (AGADER).

Nova solicitude para o Parque Maquinaria (AGADER).

Proxecto de Voluntariado Ambiental «Nova Xente para o Rural» (AGADER a través do GDR-Ulla-Umia-Lérez).

Curso práctico de EcoAgricultura para O Courel (Fundación Galicia Verde)

Cursos de Nutrición Ayurveda (Fundación Galicia Verde)

Cursos de Masaxe Abhyanga (Fundación Galicia Verde)

Cursos de E.F.T. (Emotional Freedom Technique), na Fundación Galicia Verde.

* Proxectos de Investigación da Fundación Galicia Verde (Obra Social Caixa de Madrid)

- Presentámonos á convocatoria deste ano revisando e adaptando os proxectos de investigación pendentes que puideren ser de aplicación a outras áreas.

2011

* Adecuación e mellora de locais de entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades culturais (Consellería de Cultura): anulada.

- Para a creación e informatización dunha biblioteca especializada en medioambiente; videoteca para uso d@s veciñ@s da zona; organización de xornadas de cine sobre temática medioambiental; programa de traducións de textos, sobre todo na área de saúde.

* Programas de Cooperación (Consellaría de Traballo):

- Contratación de 1 persoa traballadora desempregada de horta por seis meses para o programa de investigación sobre A.E.

* I Feira de Sementes (Deputación de Pontevedra):

- Realización da nosa primeira feira de sementes cultivadas e seleccionadas na Fundación Galicia Verde. Tivo lugar o pasado mes de abril, e foi acompañada de diversas actividades culturais relacionadas co medio natural.
- Por outro lado, e aproveitando a feira que ten lugar todos os días 5 na Praza do Concello de Forcarei, propuxémoslle ao Concello que se encargue de recuperar os postos onde se realizaba tradicionalmente este mercado para destinalos a feira ecolóxica; este sería un importante punto de referencia non só para a Fundación Galicia Verde, senón para outras empresas de produción e transformación que xa existen na zona.

* Programa Formativo sobre EcoApicultura (CO.ES.CO.):

- Elaboración dun programa formativo de 190 h. para 15 participantes sobre a localización e construción dunha colmea para a produción de mel, todo baixo criterios de construción e produción ecolóxica. O programa (encargado por unha empresa que presta estes servizos aos concellos da zona) sería impartido pola Fundación Galicia Verde.

* Programa *EmpleaVerde* (Fundación Biodiversidad):

- Solicitud de financiamento para o programa *Ecoalimentos. Un rural produtivo para unha vida saudable* (da Fundación Galicia Verde), destinado á promoción dunha empresa para produción, transformación e comercialización de produtos ecolóxicos, dando prioridade á creación de postos de traballo para colectivos desfavorecidos (mulleres rurais e persoas con diferenzas funcionais).
- Socios para programa Grundtvig de formación permanente de persoas adultas (U.E. de Chipre)
- A Universidade Europea de Nicosia busca a colaboración de entidades con experiencia en impartir cursos de Ayurveda, que estean interesadas en participar en programas de formación permanente para dar a coñecer a cultura Ayurvédica entre a poboación adulta, e analizar os efectos beneficiosos desta filosofía nas sociedades da nosa contorna cultural.

Novas extratexias para a recuperación do patrimonio cultural en sociedades complexas: o caso galego

MANUEL GAGO

Universidade de Santiago de Compostela

Nin o territorio nin a paisaxe –ou sexa, a súa construción cultural– é neutral nin estritamente *natural*; dun xeito ou doutro o espazo que nos rodea, ata o máis bucólico, foi construído ao longo de milenios de actividade humana e só se pode comprender como resultado desa interacción entre axentes humanos e naturais de toda índole. A consecuencia deste proceso incesante de reinvencción do territorio é que os seus usos, funcións e sentidos variaron para as comunidades que o habitaron. E esa transformación material do territorio, como acontece con calquera práctica cultural, sempre vén dotada dunha forte carga simbólica que se expresa, en función das culturas, dun xeito diferenciado de cada vez. O territorio galego, como calquera espazo humano, está construído a partir de valores.

Pensemos, por exemplo, no uso que as comunidades neolíticas fan do espazo. Na serra do Barbanza ou na dorsal montañosa que leva ata a Estaca de Bares existe unha singular concentración de necrópoles megalíticas: mámoas e dólmenes agrúpanse en conxuntos que responden a criterios simbólicos sancionadores do espazo, como xa Federico Maciñeira se decatou ao denotar a existencia dun vínculo máis que evidente entre o Camiño Real a Bares e a disposición, ao seu carón, das mámoas, ou en épocas máis recentes, na localización excéntrica dos túmulos na Serra do Barbanza en relación ás áreas de potencial agrícola desa penichaira de duras condicións climáticas. Máis alá dos criterios económicos ou de eficiencia, as necrópoles desempeñaron para aquelas comunidades tamén outras funcións de carácter simbólico. É ben interesante comprobarmos como se transforman os valores vinculados a estes túmulos. Unha vez desaparecida a memoria dos enterramentos nestas necrópoles, estas convertéronse,

debido ao seu carácter de fitos na paisaxe, en marcos de propiedades comunais ou privadas que se empregaron durante séculos por parroquias, mosteiros, señores e labregos, e aínda hoxe seguen a ser usadas con esta finalidade. Unha última función deste patrimonio arqueolóxico, na actualidade, é a súa incardinación, nalgúns casos, nas políticas culturais da Galicia actual, que sempre transitan entre a cultura como servizo público e a cultura como elemento turístico, onde o monumento megalítico se converte en valor engadido dun territorio para a captación de forasteiros.

O cambio permite comprender os procesos de amortización de bens patrimoniais e o cambio de símbolos e formas culturais no territorio galego, e por que determinadas formas culturais desempeñan, durante moitos séculos, diferentes funcións. Recentemente tivemos a oportunidade de examinar unha serie de valiosos álbums fotográficos de mediados dos 70 e principios dos 80 cunha extensa colección de fotografías de castros. A paisaxe que se aprecia nesas fotos está, nesa época, nun momento crítico: en numerosas áreas de país continúa a ser unha paisaxe agraria, cun modelo de explotación e distribución de cultivos e aldeas como a que describiu no seu momento de xeito maxistral Abel Bouhier. Mais nalgúns territorios costeiros do país, a vulgar polas fotos, xa se constata a transformación inicial do territorio de cultivo en solo forestal, na extensión do *Pinus pinaster* e na aparición do eucalipto. Sabemos que nos seguintes anos ese pioneirismo das zonas ribeirás se estenderá tamén ao interior, ata o abandono masivo de terras de cultivo entre os 80 e os 90.

Aquelas fotos de enormes superficies deforestadas, cultivadas a pasto ou a cereal, revelaban tamén algo fascinante: a omnipresenza no territorio rural das antigas acrópoles castrexas. Cultivadas no seu interior e, xa que logo, limpas, as súas enormes murallas sobrancean de xeito fundamental na paisaxe, vense a distancia, interveñen como axentes de pleno dereito na conformación da vida rural dous mil anos despois de seren abandonadas. Só se pode comprender a enorme presenza dos castros no folclore e imaxinario galego cando se observan estas fotografías en que o castro está, preto ou lonxe, sempre presente, sempre monumental, na vista das xentes que habitaban as aldeas do país. Eses relatos do imaxinario explican ese lugar, incorpóranlo á cultura, asígnanlle usos e funcións. Na sociedade tradicional todo espazo, toda árbore, todo elemento ten unha función ao servizo do ser humano.

Hoxe, unha significativa parte do patrimonio cultural situado nas antigas terras agrícolas –de cultivo ou de pastoreo– figura oculto baixo masas forestais ou maniguas de xesta e toxo. Conflúen aquí dous factores: o retroceso do sector primario en Galicia, encamiñado á súa desaparición, e os criterios conservacionistas da Lei de patrimonio

cultural¹. A desaparición visual dos sitios arqueolóxicos da posición de predominancia sobre a paisaxe coa que foran concebidos séculos atrás ilustra, tanto metafórica como practicamente, a desaparición destes lugares do imaxinario das sociedades en que estiveron insertos desde hai tempo e son dous procesos que non poden ser comprendidos de xeito independente. Canda este proceso de forestalización dos xacementos, puidemos constatar en numerosas ocasións os procesos colaterais a este alienamento do sitio arqueolóxico: a creba a cadea de transmisión oral, obviamente porque xa non se considera necesaria. «Nunca me contaches iso?», di o fillo cando escoita á súa nai ou pai relatarnos unha historia de mouros. «Nunca mo preguntaches», responde o proxenitor. A desaparición da microtoponimia, mais tamén da toponimia maior é habitual. Con frecuencia, os adolescentes dunha aldea descoñecen o nome dos montes que rodean a súa aldea. Pouco a pouco, o territorio convértese nun deserto cultural, sen memoria nin pasado. Obviamente, desde o punto de vista das ciencias sociais, non debemos conformarnos cunha visión *in illo tempore*, falsamente polarizada, deste proceso. As novas xeracións reasignan sentidos e símbolos no territorio, pero non o fan tanto no seu espazo como nas vilas ou cidades ás que están subordinadas, ou sexa, nos espazos en que conviven habitualmente e que se converten no primeiro espazo de socialización das novas xeracións.

O proceso de despoboamento e artellamento do rural galego é estrutural: con independencia de puntuais exemplos heroicos e mediáticos, o certo é que agás que a propia estrutura económica e social cambie, a concentración económica, poboacional e de servizos do país continuará, nas vindeiras décadas, ao redor do eixo atlántico e o papel das aldeas galegas continuará a redimensionarse de xeito dramático. Debemos ser conscientes deste fenómeno e reaccionar ante el: malia as políticas públicas de fixación de poboamento –ata o momento unicamente parches que todo o mundo é consciente que non solucionan os problemas da habitabilidade no rural–, debemos pensar de xeito novidoso como preservar e manter vivo o patrimonio cultural material e inmaterial asociado a este territorio. Mais debemos facelo sabendo que o mundo que vivimos xa non se parece ao que produciu ese contexto cultural e, por tanto non podemos reproducir de xeito prístino as condicións en que ese patrimonio inmaterial asociado a mámoas, castros e castelos se produciu. Debemos pensar que unha sociedade sempre xera o seu discurso e que a clave de que ese discurso estea vivo é o mantemento de canles de transmisión, reprodución e reelaboración deste.

¹ Aínda que a Lei do patrimonio cultural de Galicia permite os usos tradicionais do sitio arqueolóxico (pastoreo, cultivo, etc.), é moi restritiva –como é obvio– nos permisos para a transformación do espazo e a súa remodelación. Pero, evidentemente, a ‘transformación’ é tamén parte dos usos tradicionais.

Cando pensamos en patrimonio cultural en Galicia debemos pensar en que un patrimonio material sempre ten asociado un patrimonio inmaterial, e nel conviven varios discursos que varían e se transforman ao longo dos tempos: o científico e o popular. Durante moito tempo, a lexislación atendeu ao que se consideraba *obxectivo*: o ben material, a súa configuración arquitectónica, o seu estado de conservación, a propiedade do chan. Todas estas condicións son analizables, pero no proceso de *obxectualización* do ben cultural, sacrificouse a preservación e construción do discurso que vinculaba ese espazo coa comunidade local en que se asentaba. Aos labregos prohibíselles derrubar os muros de terra dos castros ou levar os ortostatos –habitualmente granito de gran calidade– das cámaras dolménicas para unha obra nas súas casas, mais non se lles explicaba por que. Ao asentar un marco legal restritivo onde non o había, a administración debéra terse esforzado en explicar os motivos da súa decisión. É contrastable, por exemplo, coas campañas publicitarias públicas antitabaco asociadas ao endurecemento progresivo das condicións de consumo público deste. No caso do patrimonio, o único que coñecen os propietarios sobre ese espazo é a existencia de multas e mesmo procesos penais ante a súa transformación. Mais nunca ninguén lles explicou o sentido deste espazo. O resultado é a percepción do ben como un elemento negativo, conflictivo e problemático, un ben baleiro de sentido.

Sociedades vertebradas, sociedades desvertebradas

Numerosos autores aludiron aos procesos de desvertebración social da posmodernidade. Crebados as nocións de discurso único dunha sociedade e do *volkgeist* hegeliano, as complexas sociedades actuais –multiétnicas, policéntricas, sometidas a numerosísimos inputs de entrada e saída de persoas, capitais e imaxinarios– negocian o seu imaxinario de maneira moito máis complexa e fragmentaria. Ese proceso non se dá só en Nova York, Londres ou Barcelona, senón tamén na Coruña, Compostela, Ribeira ou Vigo, aínda que ás veces nos resistamos a admitilo. A *identidade de resistencia* tende a procurar espazos imaxinarios comúns e verticais que diferencian o *ser galego* do contexto español, pero Manuel Castells predeciu a principios dos 90 a tendencia á horizontalización da sociedade a través da mediación da tecnoloxía. Iso significa a existencia dun proceso que cada vez se vai agudizando máis: a conformación de identidades intermedias baseadas en preferencias persoais, temáticas, de afeccións ou de intereses. A progresiva desaparición do Estado –en calquera das súas formas– está a fortalecer este proceso.

Este fenómeno ten dúas grandes consecuencias que non é doado avaliar: a perda progresiva dunha esfera pública común –exemplificada, por exemplo, nos consumos cada

vez máis individualizados da cultura a través de Internet– mais tamén unha insospeitada capacidade de acción, reacción e organización mediada, en certo xeito, polas ferramentas tecnolóxicas. Como sinalou Howard Rheingold, o novo procedemento –en certo xeito inédito no seu alcance na Historia– sinala a existencia de *smart mobs* (multitudes intelixentes), é dicir, a capacidade de coliderado e de cooperación entre individuos vinculados entre si de xeito fráxil, moitas veces anónimo e outras veces unicamente electrónico. Estes dous procesos, ao meu ver, intensificáronse nas vindeiras décadas e están por ver as súas consecuencias na sociedade e na política.

Creo que debemos atender a estas tendencias da modernidade á hora de reflexionar sobre como afrontar, no presente e no futuro, a xestión e preservación do patrimonio cultural deste país. Unha primeira idea é que a comunidade local, a parroquia, conceptualizada a nivel político e xurídico pola xeración Nós, foi perdendo valor como entidade de xestión: podía telo sido, e de xeito moi eficiente, se na Segunda República se lle concedese entidade xurídica, administrativa e política. Mais nas envellecidas parroquias galegas actuais, nun país que ten maior capacidade de comunicación entre espazos e áreas, a propia noción de comunidade local estase a transformar. A noción de local, na Galicia do século XXI, debe ser conformada dun xeito máis amplo, ao redor de novos procesos identitarios de carácter máis horizontal, de ámbitos máis comarcais.

O principal valor do patrimonio cultural, neste territorio da mundialización e da sociedade da información, é o carácter esencialmente *físico* deste patrimonio cultural, que lle concede o sentido fundamental. O patrimonio cultural non se comprende sen o seu contorno, outorga atributos ao seu territorio. No territorio da globalización, o patrimonio cultural achega condicións de fixación do imaxinario, preserva un espazo simbólico común para unha comunidade. Mentres a globalización se fai tamén parte da cultura, o discurso sobre o patrimonio cultural sempre parte dun axioma de fixación, de vínculo. Cada época transformará a súa ollada sobre o patrimonio cultural, de acordo coas sensibilidades do momento. Mais un ben cultural seguirá sendo a) un elemento fixador de memoria; b) un escenario para a cohesión social; c) un espazo para ser xestionado; d) o seu carácter de ‘elemento único’ permite a construción e preservación de identidades ao redor

Eses catro valores conceden á sociedade galega unha importante ferramenta para afrontar as incertezas do futuro global, aínda sen explotar.

Gustaríame poñer o exemplo de Castrolandín, onde un grupo de veciños constituíu a Fundación Terra Termarum destinada á promoción e preservación do patrimonio

arqueolóxico. O castro de Castrolandín foi o seu primeiro proxecto. Canda a investigación arqueolóxica e musealización levadas a cabo polo Laboratorio de Paisaxe e Paleoambiente do CSIC, a Fundación recuperou a existencia dunha tradición asociada ao castro e perdida había dúas xeneracións, a da noite de San Xoán. Os últimos veciños de Castrolandín que lembraban a práctica do ritual de prender a fogueira no centro da coroa do castro e dese lume levar fachos ao longo de todo o perímetro da muralla eran os avós. Foi durante os procesos de escavación e xeración dun novo discurso ao redor do castro cando se decataron da existencia da antiga tradición desaparecida. A Fundación recuperou a tradición da noite de San Xoán con éxito de público e reconstruíuse a tradición. O interesante é a reflexión posterior. Mentres que no século XIX e principios do XX a festa tiña que ver en primeira instancia con funcións profilácticas, de protección dos campos da parroquia de males sobrenaturais, os celebrantes de principios do XXI converten a festa nun elemento de cohesión social, nun elemento que permite a creación de vínculos simbólicos entre xeracións e entre os veciños que residen fóra e os de dentro da parroquia. Novas funcionalidades para vellas tradicións. Discursos mixtos e híbridos.

E velaquí unha importante lección. Fronte a concepcións estancas, inmanentes, ancestrais da memoria, como un eco que nos chega dun Alén, a experiencia demostra que a memoria cultural é reversible e profundamente líquida e flexible.

U-lo discurso?

O gran problema do patrimonio cultural é a disociación que existe nestes momentos entre coñecemento científico e coñecemento popular sobre o patrimonio cultural. Crebada, como antes dixemos, a cadea da transmisión oral do coñecemento mítico sobre mámoas, castros e vilas romanas, non foi substituída por outro novo discurso en termos populares. O ensino da historia galega en secundaria continúa a ser practicamente anecdótico, e o noso pasado fica nun territorio ermo. O que nos ten que motivar unha profunda reflexión é por que, a nivel popular, o discurso dominante sobre o noso pasado continúa a ser o que no seu tempo elaboraron Manuel Murguía primeiro, e as xentes do Grupo Nós despois. Evidentemente, desde aquela, e a partir da configuración de estudos específicos nas universidades galegas, o noso coñecemento do pasado avanzou moito, mais non hai unha transferencia efectiva destes datos á sociedade e mesmo aos afeccionados e persoas máis interesadas nestas cuestións. Creo que parte da clave da divulgación está no obxectivo final desta. Tanto Murguía como os intelectuais do Grupo Nós eran conscientes da necesidade de chegaren a destinatarios alén do nicho específico de persoas interesadas: tratábase da construción

dun discurso de construción nacional. Este proceso xerou, ás veces, excesos, mais tivo un enorme impacto –en relación aos escasos recursos cos que contaron na época os seus creadores.

A partir dos anos 60, a arqueoloxía comezou a conformarse en ciencia e os investigadores comunicaron, esencialmente, dentro da ágora científica. A inexistencia dunha industria cultural potente e de reducidos sectores cultos implicou tamén unha excesiva dependencia editorial da creación, e unha ausencia do ensaio como xénero literario. A alta e baixa divulgación científica (tanto humanística como das ciencias naturais), elementos chave da normalización cultural dun país, estiveron ausentes ata os últimos anos: o noso Georges Duby foi Ramón Otero Pedrayo, pero a súa estrela alumeou hai demasiado tempo para as nosas inmediatas angueiras actuais. No entanto, a Historia sempre tivo mercado, un mercado escasamente desenvolvido. Lembramos os álbumes de banda deseñada de Historia de Galicia de principios dos 80, fundamento cobizados polos clientes de bancos galegos, ou a abundancia de edicións dun manual sinxelo como a *Historia de Galicia* de Ramón Villares.

O gran problema é a incapacidade de transferir coñecemento a partir do discurso científico, mesmo en espazos por forza sintéticos coma os taboleiros interpretativos dos xacementos. Uns e máis outros transmiten sempre a mesma información «básica» sobre época e lugar, e prestan unha atención mínima ao propio sitio arqueolóxico. Asumen que a persoa visitante descoñece todo sobre esa cultura –é dicir, que só fai unha visita turística na súa vida– e ‘deslocalizan’ o coñecemento, presupoñendo bases xeneralistas de carácter profundamente aséptico. Aínda na actualidade, vivimos un preocupante fenómeno de incomunicación entre partes, entre unha sociedade que pode ou quere saber, e unha academia renuente a afrontar a existencia de, cando menos, dous grandes niveis de comunicación científica.

Ferramentas e procesos

Inverter os sentidos

A miña experiencia profesional, artellada ao redor da comunicación cultural a través de Internet, demostroume que a sociedade galega, no ámbito da cultura, está a evolucionar de xeito moi rápido nos últimos anos por mor da súa interacción coa tecnoloxía. A rede, máis alá das tecnoloxías, transforma tamén as lóxicas e procesos de traballo: cuestións de patrimonialización do coñecemento, dereitos de autor ou traballo colaborativo están a ser abordadas de xeito renovador en Galicia mercé a Internet.

O meu proceso de traballo ao redor da divulgación do patrimonio, experimental, aberto e xa que logo sometido a probas, fracasos, acertos e vacilacións, xira ao redor de dúas ideas: a) cómpre crear un relato (ou máis) para o noso patrimonio cultural acorde coas condicións da sociedade galega do século XXI; b) cómpre deseñar estratexias para reapropiarse simbolicamente do patrimonio como paso clave para a súa supervivencia. Na miña opinión, as novas tecnoloxías xogan un papel fundamental para conseguir estes procesos. E a cada vez mellor disposición da academia á divulgación permite crear un ecosistema rico en coñecemento que pode ser chave para construír estes novos vínculos co patrimonio.

Decateime do proceso cando iniciiei, en Capítulo Cero (www.capitulocero.org), a serie *Repúblicas de Homes Libres*. Nela comezaba un proceso de investigación persoal, partindo case desde cero, a partir dunha realidade arqueolóxica practicamente descoñecida en Galicia: os procesos de fortificación e defensa entre o final do Imperio Romano e o inicio do *incastellamento*, como definiu Pierre Toubert á materialización militar da sociedade feudal en Europa desde o século X. Á beira da ausencia de investigación arqueolóxica sobre estes cinco séculos, resultaba interesante comprobar a abundancia de pequenos datos fragmentarios e dispersos que, unidos, transmitían un relato de gran potencia a cuxo redor construír novos sentidos para espazos marxinais do noso territorio, coma os cumes das montañas –e que adoitan ser o lugar en que fican os vestixios físicos das fortalezas da época.

A investigación persoal, levada a cabo publicamente no blog, revelou a existencia dun espazo de interese para unha ampla e insospeitada comunidade de lectores. Ao pouco, numerosos lectores anónimos comezaron a comparar o que vían no meu blog co que eles tiñan nas proximidades das súas casas. Seguindo os métodos de localización máis sinxelos –esencialmente baseadas en sistemas de información xeográfica en liña e de libre acceso–, os lectores clonaron, personalizaron e reinventaron esas prácticas, engadindo sitios arqueolóxicos aos que eu publicaba. En termos prácticos, aquela investigación persoal transformouse nun proceso colaborativo de construción de coñecemento que permitiu avanzar no traballo de campo o que, de xeito individual, significaría moitos máis recursos de tempo e desprazamento. O proceso complementábase con conferencias presenciais organizadas por asociacións de promoción e defensa do patrimonio cultural que permiten acadar novos públicos para a serie electrónica e recoller máis datos de campo canda a valiosa incorporación da tradición oral.

O proceso vai no sentido inverso ao habitual nos procesos de investigación científica: primeiro traballáronse os aspectos divulgativos, que contribuíron a socializar o proxec-

to, difundilo e recompilar moitos datos. Só pasado certo tempo desde o inicio de publicación da serie se iniciaron procedementos de investigación fundamentados no método científico, e que pasan pola crítica documental, a información territorial, a comparación con outros territorios, a publicación da investigación polas canles ‘convencionais’ na investigación científica e, necesariamente, a unificación e homoxeneización do discurso inicial máis disperso e especulativo nunha nova estrutura baseada en indicios, conxecturas e hipóteses. Todo o novo coñecemento xerado reverte tamén dentro da propia serie editorial. A diferenza coa investigación convencional é a socialización do proceso intermedio, no que son os propios lectores os que participan na construción do coñecemento que logo se analiza e conceptualiza.

A Web 2.0 como mecanismo de estruturación do fluxo

Como resaltei, é Internet a que consegue transformar en parte as lóxicas culturais de traballo. En febreiro de 2011 desenvolvemos patrimoniogalego.net. A vontade era afondar nos aspectos desenvolvidos previamente nas Repúblicas de Homes Libres, especialmente na capacidade de elaboración dun relato colectivo. Desta volta, aproveitei as capacidades da web 2.0 para canalizar e estruturar fluxos de traballo e intelixencia colectiva a través dunha plataforma Wordpress con funcionalidades engadidas de sistemas de información xeográfica. O obxectivo era avanzar no seguinte obxectivo: a construción social do coñecemento e as funcións de monitorización dos bens inmobles do patrimonio cultural.

A través dun equipo de editores procedentes profesionalmente da arqueoloxía, a historia de arte e a xestión cultural, préstase apoio aos voluntarios que soben información, dándolle coherencia e unidade ao catálogo. Trátase de incorporar bens culturais a través da súa xeolocalización, de acordo con criterios de clasificación que permitan unha recuperación en extenso da documentación sobre todo tipo de bens culturais inmobles mais tamén con indicadores sobre as súas condicións de preservación. O primeiro ano de patrimoniogalego.net permitiu comprender a relevancia do proxecto en termos de conectar unha gran cantidade de persoas afeccionadas que sempre estiveran limitadas na difusión do seu extenso coñecemento do territorio de proximidade, ao colocar en secuencia o seu contido co doutras usuarias doutros puntos do país. 1.200 fichas de bens culturais (en marzo de 2012) sitúan a patrimoniogalego.net coma o catálogo independente e colectivo de patrimonio cultural máis grande de Europa. As fichas non só incorporan datos históricos, senón datos moi prácticos ao redor do estado real do ben cultural (ten camiño de acceso, está cuberto de maleza etc.).

Parte do éxito de patrimoniogalego.net é a focalización dos obxectivos ao redor de misións e procesos moi concretos, como é a edición e publicación de fichas de bens inmobles. Este proceso reduce a entropía derivada dun uso moi heteroxéneo da aplicación por parte de persoas con intereses e niveis de formación moi distintos. A tarefa, sinxela pero inxente, permite obter unha gratificación simbólica rápida para a persoa catalogadora voluntaria (é doado ver medrar un concello, ou unha comarca, ou unha categoría). Cada persoa pode marcar os seus propios obxectivos e a aplicación o que fai é mesturar e incorporar o de todos creando novos usos por riba dos que concibe cada usuario de xeito particular. Os grandes retos de patrimoniogalego.net veñen dados pola súa natureza dixital e xa foron previstos desde o inicio da aplicación: a creba dixital entre xeracións e territorios redundaría nunha menor acción desde comarcas do interior e do rural —e co tempo foise confirmando, o avance alén do eixo atlántico é máis lento—; o segundo problema, tamén previsto desde o principio, é a dificultade de superar barreiras culturais de determinados axentes (asociacións, entidades, individuos), como nocións moi privativas do coñecemento ou prevencións cara a innovación. Confiamos en vencer as dúas barreiras con tempo na medida en que poidamos convencer coa práctica a estas entidades na necesidade do coñecemento libre no ámbito do patrimonio cultural.

O tempo real

O terceiro paso acometido durante este vertixinoso 2011 foi a incorporación dun elemento a maiores nestes procesos: explorar a construción social do coñecemento a partir da integración de científicos e voluntarios nun proxecto común. A intervención de persoas voluntarias en proxectos arqueolóxicos foi habitual na Galicia dos anos 80 e primeiros dos 90, mais paulatinamente a xestión e promoción social destas investigacións foi esmorecendo debido a múltiples factores.

Co arqueólogo Antón Malde iniciamos en outubro de 2011 as tarefas de limpeza do Outeiro da Pena Furada (www.penafurada.net), no concello de Coirós. Tratábase dun espazo marxinalizado dentro dos montes deste concello en que existen dúas insculturadas antropomorfas de estilo similar. A partir da convocatoria en Internet, obtivemos o apoio de 40 persoas voluntarias que asumiron os custos de se desprazaren ata Coirós as fins de semana para participaren na limpeza de todo o sitio arqueolóxico, nun traballo autenticamente inxente. A fórmula, mixta e de *low cost*, contou coa participación do concello de Coirós, que co seu equipo de limpeza asumiu as partes máis custosas da roza do outeiro e financiou a manutención das persoas voluntarias. Para moitas delas, implicadas desde había anos en tarefas de defensa do patrimonio cultural local, era a

primeira vez que podían experimentar directamente os procesos de descuberta dun espazo arqueolóxico.

Unha das claves relevantes do traballo na Pena Furada tivo que ver coa actitude ante a difusión dos proxectos. Todos os días o arqueólogo director gravaba dous vídeos que presentaban, a primeira hora da mañá, os obxectivos de limpeza do día e, pola tarde, os resultados e unha primeira interpretación provisional. Todo o localizado amosábase inmediatamente en vídeo e a través das redes sociais (Twitter e Facebook), apostando pola transparencia na difusión do material localizado. O obxectivo era crebar coa opacidade de moitas das escavacións galegas, das que non se coñecen resultados ou son patrimonializadas polos directores da intervención ata que, anos despois, comezan a verse as publicacións, malia estarmos falando de patrimonio público e, na maior parte das ocasións, estar financiado con diñeiro público.

Con independencia de que o tempo real ten riscos obvios na interpretación, o *erro conxuntural* é asumido como parte do proceso de produción e elaboración do coñecemento, mais tamén permite a construción simultánea de múltiples discursos que se retroalimentan entre si (desde a recuperación de folclore local a partir do que se ve na Pena Furada ata a incorporación de voluntarios especialistas) e, descubrimos, incrementa a conexión entre a comunidade local. Dun xeito significativo, algúns maiores de Coirós salientáronnos «que os seus fillos lles puñan os vídeos para ver o que estaban facendo alá arriba». A difusión do proxecto chegaba así ata colectivos que non podían achegarse ata o recinto mais estaban interesados nel. O tempo real axudounos a comprender a incidencia do relato e da súa construción como método de comunicación científica. A estrutura de planeamentos, nós e desenlaces, propia da ficción, permitiunos comprender como deste xeito se abren notables posibilidades para socializar a información e provocar a súa transmisión alén da nosa propia canle, en sentido viral. É esta transmisión secundaria a que facilita, por parte dos usuarios, a reapropiación simbólica de espazos abandonados que son incorporados de novo á comunidade local. A xestión e coidado comunitario do patrimonio cultural é unha potente ferramenta para revincular a persoas e espazos públicos de carácter patrimonial.

Conclusiones

Durante 2010-2011 desenvolvemos unha estratexia destinada a comprender e deseñar estratexias de socialización do coñecemento que demostraron a existencia de interese, sensibilidade, ganas de acción e mesmo un importante mercado para o patrimonio cultural galego. Mais a principal conclusión é constatar –frente a certos discursos

derrotistas ou paternalistas— a madurez da sociedade galega para promover, xestionar e catalizar proxectos ao redor do seu patrimonio cultural. Na miña opinión técnica, estes proxectos cobran forza cando se abandona certa imaxe infantilista da divulgación cultural, como se fose unha canle unidireccional en que se trata de simplificar conceptos e pasar termos de esdrúxulos a graves; pola contra, se se enfatizan outras técnicas que aproximan decisivamente o patrimonio cultural ás persoas, como pode ser o feito de conectar as persoas do pasado coas do presente, a divulgación prospera e ten éxito. O éxito significa a inserción dese espazo, de novo, no discurso do territorio de cada quen.

Nunha sociedade galega sometida de xeito intenso a problemas serios de identidade e incardinación no mapa do mundo global, o patrimonio está a exercer como un potente e rico vínculo que dá forza estratéxica ao individuo e á nosa cultura. O concepto *devanceiro* implica moitas cousas positivas, non unicamente unha relación parental: implica vínculo, honra, perspectiva, colectividade, valor, relativismo, sabedoría. Desde o alto dos montes, desde os fondos das covas, os/as nosos/as devanceiros/as, da man da ciencia e da razón, poden unirnos no momento en que se creban moitos dos lazos colectivos que nos vincularon, para ben ou para mal, durante varios séculos.

E se as árbores falasen?

ANXO MOURE

www.contosolidarios.org

carballoconbotas@hotmail.com

Chámome Anxo, aínda que, despois de 22 anos percorrendo escolas dunha a outra beira do noso país, varias ducias de miles de nenas e nenos coñécenme realmente como «O Carballo con botas», planto sementes en botas vellas e tal vez as mesmas botas que un ano me levan a unha escola para contar historias de bosques e xacias, de ríos e fadas, son as que ao ano seguinte viaxan elas mesmas convertidas en viveiro forestal, ou talvez é a min ao que despois de máis de 6.000 sesións e moitas pedaladas de Ciclobiblioteca me están a nacer pólas nos brazos, follas no peito, ou talvez despois de tantas madrugadas xa aniña algún paxaro na barba. O caso que tras ser convidado a este proxecto Lingua e Ecoloxía, decidín darlle voz ás nenas e nenos que acababa de visitar das montañas de Ancares, de Courel, de Manzaneda, da Veiga, do Bolo ou do Bierzo e simplemente quixen explicar que na fraga e no regato, que no mar e na montaña, no vento e na nube, habita unha lingua que é propia, de raíz, a que nos atou a terra, que nos ceibou cos ventos, esa mesma a que nos regalou o tesouro máis fermoso, ganas de vivir. Mais que esa lingua desaparece en cada escola que se pecha, en cada aula en que xa non se escoitan os sorrisos, en cada bosque talado, en cada río contaminado. E sinceramente todos sabemos que son moitos destes mundos os que chegan ao seu fin, a fin do seu mundo, e nada gustamos diso. Por iso nunca renunciaremos a resistir, a converternos en paxaros soñadores na procura das estrelas que caían derrotados pola luz inalcalcanzabel. Pouco podo dicir que non se poida resumir en que aínda estamos a tempo, en que temos a obriga por nós e pol@s que virán como o pequeno neno Teixo que cos seus tres mesiños acudiu á Reitoría da Universidade. Tod@s preguntarán ou preguntaredes que se pode facer para salvar a lingua das árbores e eu non serei capaz de dicir nada máis que vos poñades as botas e que comeceades a camiñar, mais que de cando en vez, vos sentedes ao carón dun regato, ou mesmo

gabeeades ata a copa dunha aciñeira, e en silencio escoitedes o son da natureza a lingua da ecoloxía. E quero pedirvos tamén que se podedes a traduzades ao resto dos seres humanos, para que saiban que as árbores falan. Eu déixovos como agradecemento este relato inciático desta aprendizase que pode ser calquera e, que para min foi o agasallo de me convidardes a participar nestas Xornadas de Lingua e Ecoloxía.

O «Carballo con Botas» convidado ás terras da Artabria decidiu viaxar ata as montañas da Galiza, asoumouse nos bosques das serras de Ancares nun día de profundo temporal en Ponte Doiras, subiu ata terras alta de Manzaneda nun outono tinguido de verde e amarelo, percorreu os outeiros de Laza, aniñou nas fragas da Veiga..., tiña un certo obxectivo, amosar perante un parlamento de sabedores, dun crepúsculo de mestras e mestres, que as árbores eran quen de falar, que a fraga tiña lingua de seu. Ao longo de días, semanas, meses, cabalgou nubes e nubeiros, foi empurrado polo vento e abrazado polos solpores para descubrirse a el mesmo na mirada de cada un dos nenos que habitaban aqueles mundos afastados, perdidos talvez na memoria das xentes que tinguían de gris as cidades. Eran poucos os resistentes, os que gardaban unha lingua que era a propia das árbores, das fervezas e dos paxaros. El foi quen de pedirilles un favor aqueles cativos dos mundos de montaña. Dádeme unha mostra do falar voso que eu poida levar. Teceu o carballo embotado unha tea de arañeira con forma de fios de cores pendurados no centro dun vello refugallo de cartón, procurou un oco tronco dunha maceira en que poder ollar o mundo a través do corazón das árbores, trabou acordo cun vello cesteiro para que fose quen de construír coas suas vellas mans de ribeirao miñoto un cesto de salgueiro en augas de xacias. E así foi que todas e cada unha das palabras que partían ceibas dos ollares de cativo da montaña e da chaira caían como orballeira deitadas coa lentura no cesto de salgueiro.

Aqueles foran tempos duros, moi duros para os máis pequenos, arderan os seus montes nun outubro terrible e con eles desapareceran os contos que habitaban soutos, fragas e carballeiras, o alimento dos seus soñares de diminutos habitantes da terra aquela. Mais os trinta e un de Laza, os vinte e dous de Manzaneda, os catorce do Bolo, os dez de Calvos de Randín, os dezaseis de Cervantes..., pertencían sen dubida a unha raza resistente, eran quen de vencer tanto a desesperanza dun lume, dun incendio que lles roubara todo como aquela outra desesperanza que nacía no silencio complice ao que era condenado o seu mundo. Cargado con todos aqueles ollares, con todas aquelas verbas, o viaxeiro dos contos partiu (cun cacho de bica branca de Laza no bandullo) cara ás terras atlánticas Antes de chegar e no medio do camiñar caeu nas suas mans unha fruta dun buxo creada nas sabias mans dun sabio luthier, habitaba xa como proba definitiva no cestiño a música das árbores cando as move o vento.

E foi un día de frío novembro, en que o personaxe dotado de carapucha e barba abundosa chegou ás terras da Coruña e foi recibido por outras palabras, as do vento que conversaba co mar na Torre de Hércules, el pediulle a vento e mar que pousasen parte das súas palabras naquel cestiño. Entrou naquel vello edificio de pedras e auga da chuvia, abríronselle as portas e non dixo nada de nada, calou, aquel día contou os contos cos ollos, como deben ser contadas as historias, e a pouco que pasaban os minutos simplemente ceibou as palabras que gardaba o cestiño de salgueiro.

Salgueiro! Sobreira! Teixo! Bidueira! Fervenza! Cachón! Val do Regueiro! Entrambasaugas! Raposa! Treboada! Cumio! Regato! Xacia! Sabugueira! Costa do Cuco! Lobagueira! Nordés! Parada de montes! Garabelos!, e foron un sinfin de palabras que colleron forza e forma, e que abrazadas polas música do buxo quixeron pousarse nos corazóns abertos dos homes e das mulleres que escoitaban. Foron sabedores e valentes, porque non tiñan medo a dicirlle ao mundo que o bosque, a fraga, o mar, a fervenza....., son quen de falar, mais que cada día a súa fala é cativa, diminuta, ennegrece nas cinzas dun incendio, se envelena nos adubos dun camiñar da auga e vaise facendo silencio no esquecemento dos que xa non queren escoitar. Por iso aquel día alguén levou dentro de si un inmenso agasallo nacido nos ollos dalgún dos cativos da montaña. Pouco a pouco, día a día, decatouse que levaba dentro de si a lingua das árbores, o falar da terra, levaba dentro de si a propia esperanza e con ela o futuro dunha lingua, dunha fala, dun bosque, dun neno que cada día quere seguir abrindo os ollos para empaparse da beleza que o abraza, que o alimenta, que o protexe e o defende contra o terror dun mundo sen palabras propias, un mundo sen o canto dun paxaro na póla dun carballo.

Creando un balance entre o inglés e as linguas locais

ROBERT PHILLIPSON

Copenhagen Business School
Handelshøjskole i København
www.cbs.dk/staff/phillipson

